


ANDAINA



Uyú

SUMARIO

- 4** *Celebridades*
- 7** *Denuncias e comentos*
- 14** *O falar non ten cancelas*
- 15** Ardystil
- 16** De escolas e coléxios. Relixiosos e laicos. De pais e profesores. De gobernantes e de gobernados
- 18** *Perfís: "Erguete"*
- 19** A muller na Administración Autonómica
- 20** *Entrevista: Mercedes Carreño Fernández*
- 25** *Dossier: A voltas co Código Penal*
- 41** O SGPIHÓM, falta de miras
- 42** RU 486, a pildora abortiva
- 44** *Recuperar a memoria: Tres galegas para a historia musical do país*
- 46** 200 anos dun libro pioneiro: *Vindicación dos dereitos da muller*
- 49** A muller estrangeira nos inicios do s. XX. Umha visom de Carmen de Burgos Seguí
- 53** Xaquina Trillo, versificadora galeguista
- 55** Rigoberta Menchú: o Nobel para unha perdedora
- 57** A Documenta de Kassel...!
- 59** Libros
- 61** Cine
- 63** Axenda

Colaboran neste número:

Maria Vai, Isaura Graña, Ana Prieto, Tareixa Navaza González, Aurea Sánchez, Cristina Garaizábal, Anna Maria Osa i Farré, Anabel Álvarez, Nanina Santos, Isabel Castillo, Lola, Aurora Marco, Helena M^a Alvaredo Serrano, Carmen Blanco, Maika Novoa, Emma Abella Cruz, Laifos e Anasir, Alicia H., Marta Teijeiro

Revista Galega de
Pensamento Feminista
Andaina

Apdo. 1.058
Santiago



Directora
Ana Arellano

Consello de redacción
Tareixa Navaza
Nanina Santos
Anabel Álvarez
Enma Abellá

Corrección lingüística
Pilar Pérez Rey
Marisa González Seoane

Deseño gráfico
Uqui

Fotografía
Mada Carballeira
Mónica Couso
(Fotos de arquivo)

Imprime
Grafisant, S.L.

D.L.: C-1.146-88

Coa colaboración do
Instituto de la Mujer

E d i t o r i a l



Antes de que rematara o ano empezamos a sufrir a resaca. O ano tan esperado pasou como un grandioso castelo de fogos de artificio e agora só nos queda un desagradábel cheiro a festa pasada. De repente, no momento de pagar decatámonos que non éramos tan ricos como pensabamos, as facturas acumulan-se, o AVE, a EXPO, as Olimpíadas... O Estado non ten cartos, sube o IVE e as retencións, atrasa as devolucións da renda do ano anterior, e en médio dunha crise que traspasa as fronteiras a peseta devalúa-se..... Cando deixamos de ser ricos e famosos?.

Pero non hai que desanimar-se porque de Piedrafita para arriba, neste país noso, seguimos de celebracións. Pasou o 92 e lanzamos a bombo e platillo o Xacobeo-93.

Non se sabe aínda en que vai consistir exactamente o noso 93, hai unha certa competencia entre celebracións civís e eclesíásticas, a Igrexa ve perigar o seu protagonismo e alza a voz para deixar claro o carácter relixioso desta data po-

ñendo o acento no de Ano Santo por enriba do aséptico Xacobeo-93, demasiado parecido a aquilo de EXPO-92 ou Barcelona-92.

En realidade non importa demasiado que non saibamos de que vai, o que de verdade interesa é o que se espera sacar con el. Algúns máis madrugadores deron xa unha mostra con escándalo de marcas e rexistros incluído que de paso serviu para dar a medida dos nosos gobernantes, outros se afanan en rentabilizalo con vistas ás próximas eleccións.

Nun mundo de imaxe e escaparate o importante son as formas, tráta-se de vender «imaxe galega» e con tal motivo temos nomeado un flamante embaixador, cantante en todos os sentidos e con contrato millónario porque non imos agora nós a ir de rácanos despois de todo o que se ten gastado no 92. E para non ser en nada menos que os andaluces e catalans a nosa mascota «Pelegrin» vai de festa en festa, pasea-se por ruas e vitrinas e hai tempo que luce en solapas e garabatas. A pena é que non se lles ocorrixa pensar nun «Para-Xacobeo» ou «Especial-Xacobeo», para que poideramos ter tamén unha «Pelegrina» ou «Xacobina», que ás mulleres xa se sabe dá-se-nos moi ben o de representar aos máis débiles.

Non hai que preocupar-se o 93 pasará, pero por se acaso, e visto o acontecido co 92, non estaría de máis aproveitar a celebración para pedir-lle ao Santo que, polo menos, nos deixe a economía como estaba non sexa que pasado Xullo teñamos que empezar a pagar novas facturas, xa este ano as rapazas pequenas aproveitaron a roupa das maiores, pero para o que ven non vai estirar máis. E por riba xa non se leva a minisáia!.

CELEBRIDADES



A Orquesta Sinfónica de Galiza, apresentada ao público en diversas cidades galegas nos meses de Maio e Xuño. Composta por 76 músicos (39 mozos, 37 mozas), procedentes de 15 países. Once idiomas diferentes e unha linguaxe comun: a música.


Que non haxa nengun galego tira-lles o sono. Non é para menos, porque chamando-se Sinfónica de Galiza...! ▲

O Marqués de Amboage morría en Madrid en Setembro de 1892 testando simpaticamente. Deixa unha parte sustanciosa da súa herdanza (34.000.000 de pts) para a redención do servizo militar dos mozos pobres e laboriosos de Ferrol e os do resto da provincia de A Coruña, se as rendas deran para tanto.

Desgraciadamente outros nobres e ricos non tomaron exemplo e, que saibamos, os mozos de Ferrol tiveron que seguir, como os demais, indo ás odiosas quintas. ▲

As empresas tabaqueiras estadounidenses que gastan ao ano 2.500 millóns de dólares en «atrapar-nos» na nicotina e no alquitrán para que vivamos un chisco mais insanas e dependentes.

A UNICEF fixo saber que con eses todos cartos poderíase salvar a vida dos 14. 000.000 de nenos que morren no terceiro mundo (catro millóns de diarrea, cinco de sarampelo, tétanos e tosferina, un de malária e o resto de enfermidades agravadas pola desnutrición). ▲



Un anónimo pai dunha criatura cuxa nai deu a luz nunha rua de Madrid o 22 de Setembro, cando ía parir. Tivo que ser auxiliada pola Policía Municipal que cortou o cordón umbilical e trasladou a nai e filla a un centro asistencial. O Pai, agradecido, dixo que gustaría que a súa filla se chamara «Policia Municipal». ▲

Os galegos propriamente ditos, e até as galegas que segundo un inquérito do Instituto Sondaxe manifestan, nun 59%, sentir-se galegos.

Un 27% sinte-se español; un 6% europeu; un 7% as tres cousas á vez e un 1% non sabe. ▲

O novo catecismo que para os católicos do mundo están acabando de pentear os responsábeis. Juan Pablo II aprobou-no o pasado Xuño e vai ser publicado a finais de ano.

A guerra xusta, a pena de morte, a desobediencia ao Estado e ao poder se non son conformes ás esixencias morais (por exemplo, a legalización do aborto), e



matar en lexítima defensa, por exemplo, non son pecados.

Non pagar os impostos, non exercer o dereito de voto, non defender ao país... entre outras, son condutas pecaminosas.

A masturbación? un acto gravemente desordenado, non obstante convirá considerar «a imadurez afectiva, a forza dos hábitos sociais, o estado de anguria e outros factores psíquicos e sociais» que fan mais leve o asunto.

Acolle-se no seo da Igrexa aos homosexuais con compaixón, delicadeza e sen discriminacións inxustas aínda que hán ser castos.

E a leitura de horóscopos? Quen ía pensar que unha cousa tan intrascendente, simpática e até frivola, ía merecer unhas liñas en documentos tan importantes! ▲

CELEBRIDADES

Petra Kelly decidiu descansar lonxe dos axtreos, turbulencias e prosaiques da vida. Muitos lle reprocharon non ter deixado ningunha explicación.

Que mais explicación querían?

Coa súa morte, non é certo que rematara a utopía como finaban un espazo de Informe Semanal adicado a ela.

Integrou nas filas dos descontentos coa orde social e moral do seu país e do mundo. Loitou pola paz, polo respecto da natureza, polo feminismo e por unha distribución máis aquelada das riquezas materiais e espirituais.

Segue vivo en tantas outras xentes do Planeta ese alento que tamén latexou ne-la. ▲



J.M.J.M. de 31 anos que en compango coa moza F.M.N. de 19 anos matou a súa avoa para roubar-lle a pensión. Ao cabo non atoparon os cartos e só se fixeron con 1900 pts que a vella de 92 anos tiña nun peto colgado do colo. Isto acontecía en Catalunya.

De medrar esta liña non terá problemas Solchaga co asunto das pensións.

Tira-se aos pensionistas do meio através dos propios netos e ... Listo! ▲



Dulce María Loynaz, cubana de ascendente vasco, ven de recibir o premio Cervantes. Entre tantos aspirantes, ela, próxima aos 90 anos, sorprendeu-se do galardón. Nen siquer coñecía a súa candidatura. Ficou contenta porén, "ao igual que mo conceden hoxe, poderían ter-mo outorgado hai anos".

Para tantas de nós unha até agora descoñecida, pasa a integrar no noso universo de curiosidade. Noraboa! ▲

O reverendo anglicano Letherbarrow, dunha localidade de Manchester, toda vez que constatou o baixo número de matrimonios no Reino Unido, acordou rebaixar os prezos das vodas.

Sob o eslogan «O mellor negocio dunha vida», na súa parroquia a xente poderá casar agora por 150 libras (antes 500). O prezo incluí flores, grabación en vídeo, luz e calefacción.

Animados os pastores de almas polo libre mercado comezarán facer campañas publicitarias de diverso tipo. Como aquela irreverente dun chiste que contaban os descreídos "Hostias Plin", conteñen mais deus. Dan-se nesta igrexa». ▲

Un piso que abriu o S.G.P.I.H.M. en Santiago para reinsertión de prostitutas arrepentidas. A directora, dona Fernanda Pardo está contenta cos labores de reeducación que lles van propór: cursos de autoestima, cociña e outros. Non se trata de un piso para prostitutas que queren cambiar de actividade, profesión, oficio. Non, arrepentidas e, polo mesmo, reeducadas. Ale! ▲

CELEBRIDADES


O grupo Parlamentar do PP, que en masa votou non á Proposta non de Lei para a igualdade dos varóns. A súa voceira, López Besteiro, explicou que facer unha campaña dirixida aos homes para que se incorporen aos seus deberes domésticos e familiares, «dividía a sociedade en dous sexos, desartellando-a». 36 votos NON e 29 votos SI.

Se á hora de votar non tocara o timbre, seguro que a proposta gañaba. Practicamente todos os parlamentarios andaban de recreo mentres se argumentaba e debatía. ▲



Isabel Sartorius, que desbancou no cume da popularidade española a outra Isabel, á Preysler, segundo revelaba en Agosto un inquérito da revista *Época* entre xornalistas avezados en temas de sociedade.

Tampouco estaba mal no ranking a infanta Elena polas bágoas de emoción na inauguración dos xogos olímpicos. ▲



"A Muller -dixo Sto. Agostiño- é un animal que non é nen firme nen estábel, é reconrosa diante da confusión do seu home, fornece-se de maldade e é comezo de todos os pleitos e xustas, e camiño de toda iniquidade".



Vitória! Vitória!

Van caendo muros, preconceitos, atrancos.

A Igrexa Anglicana aprobou (aínda que en apretada votación) a ordenación das mulleres como sacerdotes. Un índice mais do machismo que seguía considerando ás mulleres incapaces de exercer moitos oficios e profesións.

A Dirección Xeral da Función Pública

que, nunha resolución do 6 de Agosto do 92, aproba os programas correspondentes ás probas de acceso ás distintas categorías de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, que publica o Diario Oficial de Galicia do 26 de Agosto.

No tema 26 para o Grupo I. Categoría 11 (Titulación Superior Pedagoxía) dise así:

«Desviacións sexuais. Cromosopatías. Homosexualidade. Outras anomalías. Prevención. Técnicas de desinibición e de extinción».

Volta ler todo o tema 26 aínda que non teñas pensado opositar. A que non, a que non merece nen un só comentario?

Se non estás de acordo... escribe o que che inspire e manda-o ao apartado de correos 1058 de Santiago. Xa veremos que podemos facer. ▲

Por que só poderían ser representantes de Cristo na terra homes e nada mais que homes?

Eran os xenitais masculinos os que garantían a representación?

Ten difícil a Igrexa Católica seguir fechando portas a unha semellante demanda pois como di o refrán "Cando as barbas do teu veciño vexas pelar, pon as tuas a remollar". ▲

IVONE GEBARA,

Teóloga e relixiosa brasileira defende unha Teoloxía da Liberación que poña face aos pobres, que coloque á par a súa raza, clase e sexo e que non poña por diante o seu contexto socioeconómico. Un dos retos que, segundo explica, teñen os cristiáns é,

«aceitar que non necesariamente a cultura indíxena sexa cristianizada (...) Temos de meter-nos no mais fondo dos valores humanos, que non son abstractos. Son moi concretos: o respecto polo outro, pola súa cultura, pola solidariedade, a misericordia, a fraternidade, a distribución de bens, etc. Parece-me importante que a Igrexa Católica non




meta o seu proxecto hexemónico. Hai que permitir unha autonomía dos povos (...)

As mulleres, en América Latina, como en todas as partes do mundo, comezan sentir agora que falar do humano comporta falar de persoas que teñen a súa historia, a súa cultura e o seu sexo. A cuestión do xénero, masculino ou feminino, nunca tivo lugar nen nas ciencias sociais, nen na antropoloxía nen na teoloxía (...) Creo que temos chegado

SINEAD O'CONNOR

Apresentou o seu último disco "Am I not your girl?", cancións de películas musicais, e outras moi coñecidas, como "No llores por mi Argentina" integran este novo disco; aproveitando rolda de prensa non perdeu ocasión, e da música pasou a outras cousas. Culpou á igrexa romana de moitos dos males que padece o seu país, Irlanda, cos máis elevados índices de alcoholismo, droga, violencia e abusos de nenos. A Igrexa Católica quixo e fixo que nós medráramos no medo.



DENUNCIAS E COMENTOS

183.000.000

183.000.000 millóns de pobres din as estimacións menos pesimistas que hai en América Latina. Destes, 114.375.000 son nenos. É dicir, o 62,5% dos pobres son nenos. E por se non abondara, a maioría de nenos, son pobres. Un panorama reconfortante para quen desde aquí posuimos excesivas cousas, tiramos e derrochamos e aínda «necesitamos» mais. ▲

PENSIÓN...

Pensión de Xubilación para as amas de casa, é un dos anxeos que quere lograr a Asociación Provincial de Amas de casa -A Coruña- que con 22.000 afiliadas celebrou o seu 25 aniversario.

A cousa agora está en mans da Comisión de Dereitos da Muller do Parlamento Europeu.

Se teñen pensión de xubilación os currantes disto e de aquilo, Por que non haberían de te-la as amas de casa? Ou é, acaso, que elas non traballaron, non traballan e terán que seguir dependendo dos salários ou pensións dos seus homes? ▲

MURPHY BROWN

Murphy Brown, serie televisiva estadounidense retornou ás pantallas na segunda quincena de Setembro. Con humor e acedia, arremeteu contra o vicepresidente Dan Quayle e as bobadas

que pregoa na súa campaña electoral -a dos republicanos-. A falta de valores da sociedade USA promovida polos medios de comunicación e a industria de Hollywood.

Como a tomara con esta serie porque a protagonista quería ser nai solteira, agora Candice Bergen, no papel de Murphy, dicía cousas como:

«É absolutamente impensábel que criando ao meu fillo soa consiga piores resultados que os Reagan cos seus». Un xornalista da serie, lé en alto un artigo de verdade publicado por un xornal: «Fixade-vos, as enquisas non só din que a xente considera que MURPHY será mellor nai que Dan Quayle, senón que, ademais, considera que sería un mellor presidente».

A proxección da serie está esperando muita expectación. Tan así que as empresas publicitarias aviñeron-se a pagar sumas de non menos de 1.000.000 de pts por segundo. Os espectadores pasan-no pipa escoitando como os protagonistas e guionistas se bulran a cachón das meteduras de pata -e de patata- de don Dan.

Dan Quayle, que quixo facer gala do seu sentido do humor presenciando un programa en lugar público e con grupos de nais solteiras para congraciarse..., finalmente non pudo. «Feron moi críticos comigo. Foi un anuncio a favor de Clinton», dixo uns segundos antes de repetir outravolta: «Hollywood non reflecte os nosos valores». ▲

A ASSOCIAZIONE

A Associazione de Dipendenti Laice Vaticani (Adiv), única organización sindical que opera oficiosamente no Vaticano, viu como todos os membros do seu consello executivo demitian a finais de Setembro.

O trato e consideración outorgados, levaron-nos a esa decisión. Dos problemas plantexados: seguen sen ser recoñecidos xuridicamente, os seus salários están sen revisar desde hai sete anos. Paciencia, seica lles piden, porén eles non teñen o aguante de Job.

SEXO E ESPORTOS


Herman Ratjen confesou, despois de 20 anos, que nos Xogos Olímpicos de 1936 en Berlín participara mascarado de muller en salto de altura. A obsesión dos nazis en amosstrar a súa supremacía levou-lles a enganar a todo o mundo con tal de conseguir o seu obxectivo. Pesie a todo, Ratjen, perdeu.


É o único caso documentado de engano sexual nos tempos modernos, pero abriu a porta a unha investigación que segue.

Así que, desde 1966, en todos os campionatos europeos de atletismo importantes, a todas as atletas se lles obriga a demostrar que son mulleres.

«Foi a experiencia mais degradante da miña vida» explicou Mary Peters, medalla de ouro de Pentalon en Munich, 1972. Obrigada a espirarse, abrir as pernas e ensinar os xenitais externos diante dun plantel de facultativos.

As voces en contra arreciaron e, en 1974, acordaron cambiar o plantel de facultativos a exploraren con ollo e guante, por probas de laboratorio. Probas que teñen erros como aconteceu no caso da corredora galega Maria Patiño que foi apartada da competición en 1985. ▲





GREGORY KINGSLEY

Gregory Kingsley, o xa famoso neno de 12 anos que pleiteou nos tribunais en demanda do divorcio da súa nai biolóxica, conseguiu o que quería. Gañou a sentenza, podendo elixer aos pais adoptivos.

Unha sentenza nova e sen precedentes. Unha sentenza que abre as portas a que os rapaces, os nenos e as nenas estadounidenses, poidan facer valer os seus dereitos e as súas querencias sen que os pais e as nais, polo feito de sé-lo se pensen con todos os dereitos sobre eles.

Que o rapaz tente ser feliz, que non queira ser abandonado máis unha vez, que queira ter unha estabilidade emocional e o que dela se deriva, que aspire a que as carencias económicas non limiten con tanta forza a súa existencia, non é algo que deba ser criticado.

Si, en troques, merece repúdio que na defensa destes dereitos, Gregory, a súa defensa e os testemuños da mesma se aplicaran ao despelexo de Rachel, a nai biolóxica: que se fumaba marihuana, que non cumpría as súas promesas, que se era promíscua, que se lésbica, que se negligente.

Non hai nais excelentes no exercicio do seu papel maternal que fuman marihuana ou consumen outro tipo de drogas? Nais lésbicas acaídas? Que prometen levar ao neno ao circo e logo non o fan nunca?

Trataba-se de enxuizar se foi boa ou non boa nai para Gregory. Abandonos, cariño, coidados, tenrura. O demais, sobra. ▲

O REXISTO CIVIL

DENUNCIAS E COMENTOS

O Rexisto Civil de Uruguay sorprendeu, cun informe que publicaba *O Observador Económico* de Montevideo, a propios e estranos, dando a coñecer as actitudes que tantos pais e nais adoitaban a respecto da súa descendencia:

Ódio a mi papito, Aspirina tellis, Ataud Fernández, Era pura Verdad, Adomicilio Fernández, Excremento Rodríguez, Potranca Roana, Blanca Pintada de Amarillo, Prostituta Fernández, Sin Nombre Pérez... eran algúns dos nomes que en 1991 foron rexistados.

Orixinalidade e imaxinación, carentes de gusto nalgúns casos e, na maioría decididos a colgar un baldón nas costas da súa descendencia.

É de supor que, en medrando, rapazas e rapaces poderán acudir ao Rexisto Civil e zas! devoltar-lle a patada aos proxenitores poñéndose, por exemplo «O pai que me fixo», «A nai que me botou», «Que lle dean dous pesos», «Vaia par de nécios que me tocaron en sorte», «Creeu que era a Pompadur» ou «Pensa-che-te moi listo». ▲

ADOLFO ARISTARAIN

Adolfo Aristarain é un bicho raro. Moi raro. A película que dirixiu *Un lugar no mundo* foi gañadora da Cuncha de Ouro no festival de San Sebastián. Con tal motivo entrevistárono os medios de comunicación e dixo cousas tais como:

«Sinto-me orgulloso de ser de esquerdas e sinto-me moi orgulloso de como fixemos, todos en cooperativa, *Un Lugar no Mundo*, cuxa mensaxe principal é que se pode sobrevivir resgatando a ética. Pesie a que os tempos son difíceis, negome a aceptar que rematou toda posibilidade de cambio».

Fixai-vos, un diplodocus! Quedará formol para conservá-lo? ▲

PROTECCIÓN LABORAL DAS MULLERES EMBARAZADAS

O Goberno español está sendo un dos menos proclives a deixar que a directiva comunitaria de protección laboral das mulleres embarazadas avance.

«Problemas orzamentais» alega para non aprobar as seguintes emendas:


X proibición de despido por razóns de embarazo,

X proibición de traballo nocturno nos últimos meses de xestación,

X cumprimento das condicións de permiso coa retribución do 100% do salario.

O 12 de Outubro votan. Que vai votar o Goberno español? Da súa actitude depende que a cousa durma outros dous anos nun caixón.

Teresa Domingo, vicepresidenta



da Comisión polos Dereitos da Muller do Parlamento Europeo, de Izquierda Unida, vai tentar convencer a Matilde Fernández para que conenza ao goberno do que forma parte para que «desbloqueen a súa oposición á directiva comunitaria sobre protección laboral das mulleres embarazadas. ▲

ANGELA FLORANES

Angela Floranes, de 42 anos, veciña de Poo de Llanes –Asturies– alegou na súa defensa que: «Son unha persoa divorciada legalmente, que nen rouba nen mata, que traballa honradamente e vive do seu traballo sen que ninguén a manteña, polo que considero que a miña dignidade está sendo pisada, e como católica sinto-me moi ofendida (...) Para solicitar a nulidade de matrimonio pidem-me, sen contar o que me custaría contratar un advogado particular, uns 2.000.000 de pesetas, e esta é unha cantidade da que, evidentemente, non dispoño».

E todo isto por qué? Porque o párroco do seu lugar acordou o mes de Abril do 92 non dar-lle a comunión e non deixá-la entrar na igrexa Por apestada! (perdón, por divorciada). Foi ao arcebisado de Oviedo e, á contra do que ela pensaba, non só ratificou o disposto senón que lle recomendou que non voltara entrar na igrexa.

E a Carolina de Mónaco, dengarán-lle a comunión, recomendarán-lle ou prohibirán-lle entrar na igrexa, o parroco, o bispo, o arcebispo, o Papa de Roma? ▲

“ALGO ESTA MAL EN AMÉRICA”

«Para a muller, EEUU é un dos lugares máis perigosos do mundo» dixo o senador demócrata e presidente do Comité Xudicial da Cámara Alta, Joseph Biden ao presentar o informe que se basea nas denuncias policiais de 1991.

X 1.300.000 mulleres maltratadas na súa casa;

X 1.000 mulleres morreron a mans dos maridos, ex-maridos ou noivos.

En conxunto, segundo estas denuncias, máis de 21.000 mulleres son asaltadas, violadas, asasinadas cada semana.

As cifras producen arrepiño. O sorprendente é que só se considere isto.



Efectivamente algo está mal en USA: violencia a esgalla que atinxe a mulleres de todas as clases, cores, condicións, idades; nenos, negros, chicanos, algúns brancos. Paro, miséria, explotación, libre mercado, competitividade salvaxe, marxinação de amplísimas minorías...

O das mulleres non é un drama específico nunha balsa de aceite. Forma parte, con toda a súa crueldade, machismo, misoxinia, dese país que cun predicado rostro democrático, libre, cosmopolita, igualitario, enxendra unha violencia aterradora.

ESTHER BENITEZ

Esther Benítez, nomeada Cabaleiro

O Goberno francés condecorou-na coa Orde de Cabaleiro das Artes e as Letras, unha das mais altas distincións culturais da Franza.

Ela, presidenta da Asociación de Tradutores españois e prestixiosa tradutora, mereceu o galardón pola difusión da cultura francesa no Estado español.

Non sei que tal lle prestará adquirir un título reservado aos señores.

Non sei, tampouco, como o goberno francés ousa manter unha denominación así e outorgar-lla a señoras.

Non poden feminizar o asunto porque o de cabaleira é de má sona.

E Amazona ten resábios tremendos.

É só un síntoma de como a linguaxe expresa cousas. E, en materia de xéneros, con toda claridade. ▲

EN CANTIDADE, MENOS. EN CALIDADE, PIOR

Ao desbaratamento progresivo do papel de varón-macho que, ao longo de anos, a nosa cultura tiña construído, ven agora a Organización Mundial da Saúde e da-lle o espaldarazo. O semen dos homes vai peor. A densidade e o volume médio teñen ido en debalo. Xa non é o que era.

Estarán inseguros e non é para menos. Nen sequer lles vai quedando ese reducto atávico que os facía exclamar tantas veces, Son un macho!

MULLER, PODER POLITICO E DESENVOLVIMENTO

Este era o título do Foro Internacional que se celebrou no recinto da Expo ao que acudiron 130 asistentes.

No encontro foi presentado o estudo Mulleres Latinoamericanas en Cifras, unha fotografía global das condicións de vida das mulleres en 19 países do Centro e Sul de América.

Unha das conclusións do estudo suliña o deterioro producido nos últimos 10 anos. Pesie a todo, a coordenadora da investigación, a chilena Teresa Valdés, refuga que a década dos 80 poida considerarse un tempo perdido para as mulleres desta área.



«O mais grave é o nivel de pobreza, agudizado pola crise económica, porén, isto ten purrado por unha meirande reorganización dos movementos feministas e asociacionismo de mulleres».

Algunhas luces da foto:

Só o 2,5 % das latinoamericanas ten formación universitaria. En Brasil non chega ao 0,1% e en Cuba alcanza o 20%.

A média de número de fillos por muller é do 3,6. Bolivia ascende a 6 e Cuba escasamente chega a 2 fillos por muller en idade fértil.

O aborto é en toda a área a primeira causa de mortalidade materna, aínda que o cólera —desde Xaneiro de 1991— acobillado na pobreza, ten-se convertido no indicador máis nítido da situación sanitaria.



Se a Expo-Sevilla tivera sido marco de difusión de esta e outras fotos que dan conta da situación na que malviven e sobreviven xentes e países do terceiro mundo e, en troques de investir cartos a esgalla para fasto e bombo do goberno de

Madrid, destinara eses e outros cartos a mellorar a situación dos inmigrantes, a deixar entrar esas pateras que naufragan a cotío en augas do Estreito, e a comprometer-se en firme coa igualdade dos seres humanos, destinando un amplo fondo para a solidariedade in-

ternacional con homes, mulleres e nenos daqueles países da outra ribeira Atlántica aos que un día foron saquear e despojar en nome das súas maxestades e de Deus..., mellor cousa se tería feito. ▲



VIVA O CASTIGO!

A empresa valenciana de laranxas, Yasu S.L. con 50 empregados, dos que 25 son mulleres, ten por bo o sistema de «castigo aleccionador» como xeito de facer cumprir o horario e condicións de traballo impostas pola empresa.

O sábado 5 de Setembro en La Safor eran as festas, así que varias mozas decidiron non acudir ao seu posto de traballo. Unha delas foi castigada o luns a estar de pé toda a xornada laboral sobre unha pila de plataformas de madeira á vista do resto de empregados. Seguiu o castigo o martes até que un membro de CC.OO. acudiu á empresa casualmente, e viu á rapaza sobre as plataformas.

O responsábel da empresa dixo que «descoñecía o asunto», por outra parte, lle parecía unha tontaría.

Do sindicato, non obstante, denunciaron a irregular situa-

ción laboral dos traballadores do sector laranxeiro, que carecen de horario e calendario laboral definido, porque as empresas incumpren sistematicamente os conénios. Ademais suliñaron que o suceso é unha mostra do trato aldraxante que sofren as mulleres no mundo laboral. Isto non se lle tería feito a un home. ▲



JACQUES GAILLOT

Jacques Gaillot, bispo da cidade francesa de Evreux escandalizou-se coa sentenza de nulidade matrimonial que o Tribunal da Rota –Vaticano– concedeu a Carolina de Mónaco e Philippe Junot.

Non se cortou un pelo e dixo:

«A opinión pública reterá desa nulidade que a Igrexa Católica ten dous pesos e dúas medidas. Cando se teñen cartos, cando se pertence aos grandes deste mundo, obtén-se canto se quer.(...) En troques de amosar a súa xenerosidade a unha princesa, a igrexa faría mellor en comprender e acoller aos divorciados, así como permitir-lles a comunión eucarística. Iso sería xustiza, a xustiza evanxélica».

Efectivamente, unha amplísima parte da opinión pensa iso e desde muito antes que se ditara tal sentenza.

A xerarquia da Igrexa Católica ten dado poucas mostras de estar «cos de abaixo». No seu afán de manter e facer medrar a Institución, sempre buscou acobillo nos grandes e poderosos, porque como di o refrán: «Quen a boa árbore se achega...» ▲

RAFAEL RUIZ ZAFRA

Rafael Ruíz Zafra de 29 anos, matou a súa filla Tamara, de 13 meses en Granada, porque non estaba certo da súa paternidade. Ale!

"SANTUARIO DO AMOR"

Kostelni Briza, un povo checo fronteirizo de 5.000 habitantes, ten atopado en Alois Krulis o salvador. O multimillonario de Pilsen quere mercar un barroco templo católico, convertido en armacén e graneiro de cooperativas agrícolas en tempo dos comunistas, para facer «un fermoso santuario do amor», denomi-

nación rimbombante para un prostíbulo de luxo.

O vello templo é propiedade municipal, que ve neste proxecto un xeito de obter fondos para as arcas municipais verdadeiramente descapitalizadas.

Alois pensa que atraerá aquí á clientela dun balneario próximo,

Karlovy Vary, de sona internacional, e de paso meter un tirón ao despegue económico dese povo esquecido.

«A esa zona dos antigos Sudetes van muitísimos turistas alemáns para relaxar-se, e –cisma o empresario–, muitos deles son quen de calquer aberración con tal de se divertir».

ESCUDO E TORMENTA DO DESERTO

Aquel bautizo comezou en Agosto de 1990 e rematou en Xullo do 91 e aínda que teña deixado de ser noticia e dera ao esquecemento, paga trae-lo agora ás nosas páxinas. Eran as operacións do alto mando USA en Arábia Saudí cando o lio de Iraque.

34 delitos sexuais *denunciados* cometeron os soldados estadounidenses: violacións a compañeiros e compañeiras, violacións a xefas e «agresións indecentes».

Mentres se encargaban de garantir a orde mundial! ▲

NICARAGUA

«Comete delito de sodomia o que induza, promova, propagandice ou practique de xeito escandaloso o concúbito entre persoas do mesmo sexo. Sofrirá pena de un a tres anos de prisión. Cando un dos que o practican, aínda en privado, tivera sobre o outro poder disciplinario ou de mando, como ascendente, guardador, mestre, xefe, guardián ou en calquer outro conceito que implique influencia de autoridade ou de dirección moral, aplicará-se lle a pena de sedución ilexítima, como único responsábel.»

Isto así, tal e como pode ler-se -agás a tradución que é nosa- ten sido aprobado na Asamblea Nacional de Nicaragua na Lei de Reformas do Código Penal.

IGOR E VLADIMIR



Igor e Vladimir, conseguiron en 1991 o estatuto de refuxiados políticos. Era a primeira vez que o Departamento de Xustiza de Holanda concedía tal estatuto a uns homosexuais logo de comprobar que foran perseguidos no seu país -ex URSS- por ser homosexuais. Anteriormente Efgenge e Valnye de orixe rumano, conseguiron permiso de residencia por idénticos motivos, ao igual que o súbdito británico Prychodsky, que ten permiso regular de estancia, porque no seu país foi condenado por tres veces por manter contactos con menores. O departamento ten en estudo varias decenas de demandas de asilo.

O movemento homosexual holandés ve abrir portas na súa integración social. O ministerio ve nesta sentenza pioneira, o clima de tolerancia que impera no seu país.

DENUNCIAS E COMENTOS

Desde Xuño 92 diversos grupos, colectivos, Centros e persoas están traballando conxuntamente nunha campaña «*Por unha sexualidade libre de Preconceitos*» facendo especial fincapé neste artigo, o 204.

Tentaron unha entrevista coa Presidenta do país, após entregarlle mais de 4.000 sinaturas, para que vetara -poder ten para iso- tal artigo.

Políticos diversos -de Nicaragua e doutros países-, Amnistía Internacional, organizacións non governamentais de aquí e de acolá, tamén manifestaron a súa protesta.

Viola, non é difícil decatar-se, os dereitos humanos mais elementais, mesmo a Constitución da República. Deixa aberta a porta a posibilidade dunha persecución indiscriminada contra homosexuais, lésbicas, bisexuais ou calquer persoa que faga comunicación, xornalismo, educación, traballo cultural ou artístico que aborde a sexualidade.

Porén, non lle vai á zaga o artigo 208 referido á paternidade de quen naza froito dunha violación que di:

«Os autores dos delitos de violación, estupro e sedución ilexítima serán considerados pais da prole que naza da muller ofendida, para os efectos sucesorios e alimentario, sempre que esta así o pida e que o nacemento sexa após os cento oitenta días e dentro dos trescentos posteriores á data da comisión do delito.»

Artículo que é visto por quen participan na campaña, como insulto groseiro ás mulleres vítimas de violación. Máxime cando está penado por lei o aborto, tamén en caso de violación.

O Diálogo oficial, **A Gaceta**, aínda non publicou esta Lei de Reforma. No momento en que o faga, hai un prazo de 60 días para apresentar recurso de inconstitucionalidade perante a Corte Suprema de Xustiza. ▲

O FALAR ...

► «**As abortistas queimaría-lles ás súas partes; aos obxectores de conciencia mandaría-os á Lexión e aos traficantes mataría-os**»

É partidário da pena de morte? demandou-lle Carmen Rigalt, ao que respondeu, «Nalguns casos, desde logo».

Dixo José María Lara, entrevistado no suplemento semanal do xornal *El Mundo*. Todo un programa. Editorial, claro.

► «**Eu non sería quen de me espiar, tería medo de que me violen**» respondeu Bieito Ledo á pregunta «Sentirías-te coibido se por arte de máxia estiveras nunha praia nudista feminina ti só?», que A.F. lle fixo para *El Correo Gallego* na sección «Sin Faldas y a lo loco» publicada o 3.8.92.

► «**Se non és para min non serás para ninguén**» dixo un axente da policía municipal a unha muller de 45 anos que vivía na súa casa de pensión. Por se tal aserto non bastar, engadiu que de non acceder ela ás súas propostas, mataría-a.

Que ven ampliar o suposto de «Matei-na porque era miña» co de «matarei-na se non chega a ser miña».

► «**Isto é unha campaña contra min, contra o PP e contra Fraga**» dixo Cuiña, ex-delfín, após a denuncia presentada contra el, de prevaricación, malversación de fondos e falsedade en documento público, mentres estivo ao fronte da Deputación de Pontevedra.

Contra el desde logo. Campaña ou non. Contra o PP? Contra Fraga? Malversou ou prevaricou o PP colectivamente? Foi Fraga? Foi el por indicación expresa dos anteriores? Saberá por que di isto, e saberemos.



► «**Que se vaian o antes posíbel. E eu creo, é a miña opinión persoal, que unha vez que os casemos e den cunha muller que os maltrate ben, van-se amansar**» dixo o cardeal López Rodríguez nun encontro do movemento neocatecumenal realizado en Santo Domingo en Xaneiro de 1992, referindo-se ao

sector progresista do clero latinoamericano. Ademais de dici-lo, puxeron-no por escrito nun documento de uso interno, (que como todo o interno nalgún intre se converte en externo), onde se pode coñecer a valoración que o susodito ten destes sacerdotes «Son homes frustrados, homes amargados, homes acomplexados, homes cheios dun feixe de taras...»

El, ao que se ve, é un home estupeiado, fantástico, excepcional, extraordinario.

De verdade, o falar non ten cancelas.

► «**Anima-se-nos a unha sexualidade omnipresente, sen consecuencias. Mata-se aos nenos nos ventres das súas nais invocando a liberdade da muller, e vai-se borrando nas conciencias o respecto inviolábel á vida e á dignidade do ser humano**»

Lendo isto non nos queda mais remedio que pensar que estamos de xenerados. D E X E N E R A D O S!

A confradía que pensa o sexo como noxo, baixo instinto, pecado..., extenso en demasia, sempre repite o mesmo e non perde ocasión de levar auga ao seu muiño. ese grémio no que forma xente como a autora, Margarita Fraga Iribarne. En Cartas ao director. *El Correo Gallego*, Setembro 92.

Referencias de

Dados tomados do recente traballo de Manuel Rodal «**Afán de la justicia seglar por mostrar brujas en la villa de Cangas**», onde se concluí que a caza de bruxas en Cangas nos principios do XVII, ao pouco de ser arrasada a vila polos turcos (1617), perseguía arrebatarse o dereito de presentación dos curas de igrexas do rural. No proceso,



basicamente dirixido a quen posuía estes beneficios, meteron no meio, para disimular, a mulleres pobres de solemnidade.

María Soliño e María Ribeira, de Cangas; Elvira Martínez, de Darbo; Teresa Pérez, Catalina de la Iglesia, María Colasa e María dos Santos, de Coiro e Catalina Vidal, de Hío, acusadas todas de tratos co demo e prácticas de bruxería.

Neste proceso, quen posuían estes beneficios e se negaron a traspasar o seu dereito, foron procesados.

María Soliño, muller dun pescador morto cando a invasión turca, tiña o dereito de presentación dos curas de igrexa do rural, dereito que reportaba participación nas esmolos, desmos e aportacións dos fieis.

E dixo a denunciada que levaba 20 anos de bruxa. «Pero só tiven contacto co demo en dúas ocasións, e fixen-no pola parte traseira. Aínda que el me obrigou a renegar de Deus e dos santos eu nunca o fixen de corazón e logo volvin á fe do Noso Señor» Quixo desdecir-se. Novas ameazas de tormento e di que nunha fonte das aforas de Cangas varias mulleres, ela tamén, tiveron contacto con catro demos. Cando estaba con un «sentín que mollaba as pernas, co-

NON TEN CANCELAS

aquí e de acolá

rendo por min unha cousa como auga fría que logo limpei coa camisa».

Doce testemuñas contra Maria Soliño, declaraban cousas así ou mais insólitas aínda.

A tradición oral deformou a súa historia e a das súas colegas de cautiverio.

En 1622, o 23 de Xaneiro, Maria



Soliño foi condeada a levar hábito penitencial por meio ano e todos os seus bens foron confiscados.

Nos comezos da década dos 40, o Goberno Civil de A Coruña, entre outros, impuña sancións económicas de diversa cuantía a destro e siestro:

Por palabras malsonantes, por realizar bailes sen autorización, por ser desobediente, por pór dificultades ao labor da Guarda Civil, por armar escándalo, por comportamento indecoroso, por maleducado, por faltar os seus fillos á disciplina do Frente de Xuventudes, por gastar bromas de mal gusto, por ter pouco afecto á Causa Nacional e emitir conceptos malsonantes para a División Azul, por non obedecer, por beber de máis, por non guardar o debido respecto a un sacerdote, por entorpecer o camiño nun cruce de estradas, por non prestar debida axuda á Guardia Civil, por blasfemia, por frases molestas para a Falanxe, por palabras groseiras, por celebrar bailes despois da hora... ou sexa por cáseque todo.

Incrementaban deste xeito as arcas públicas dun povo destragado e sobre todo, exercían o papel de Manual de Urbanidade tan necesario entre famentos, insubmisos e analfabetos.



N

o tempo que escribo van seis falecidas. Inalación de gases tóxicos, instalacións carentes de toda salubridade, oito e mais horas diarias estampando teas con aerógrafo que as foi enfermado e que as está matando.

22 afectados de fibrose pulmonar, con tratamento médico aínda descoñecido, dos 58 operarios da empresa. Na súa maior parte rapazas novas.

Non foi morte violenta, nen a mans dun maníaco, un ex-presidiario ou presidiario de permiso.

A súa morte non esperta, angumiños arriba, a raiba das feministas tan sensibeis aos mais que padecen as mulleres. Non da para ducias de páxinas en ningún xornal, nen alenta, a centos de cidadáns de orde, a reclamar xustiza, seguridade, liberdade.

Aquí non hai proclamas, manifestacións, comunicados, e sen embargo, catro mozas novas, traballadoras de Ardystil, fican xa enterradas pola avaricia e o afán de beneficio duns educados e correctos empresarios.

É para pensar que a nosa sensibilidade se está amodorrando.

M.V.



De escolas e coléxios. Relixiosos e laicos. De pais e profesores. De gobernantes e de gobernados

MO

comezo do curso escolar varios asuntos deron cancha aos medios de comunicación que tiñan así de que falar, de que escribir, amosando-nos aspectos escuros, moi escuros da sociedade na que estamos.

O Consello Escolar do Coléxio relixioso Sagrada Familia de Cangas do Morrazo, (rexido por un patronato e subvencionado pola Xunta de Galicia), non quería admitir a matrícula dunha nena de 3 anos porque a rapaza é filla dunha parella de toxicómanos e seique a nena corria risco de contraer a SIDA o que suporía «grave perigo» para o resto de nenas.

Perigo que viron iminente no coléxio de O Foxo, A Estrada, os pais e as nais que deixaron de mandar aos seus fillos á escola, unha vez enterados de que Alexandre, un dos rapaces era portador da virus SIDA e con hepatite B, (por certo como foi que o souberon?).

E á Montse, dunha escola de Málaga, tamén con virus SIDA, que xa no curso pasado tivo ocasión de ouvir «Fora apestada!», que algúns pais e nais, nas portas do coléxio, lle berraban.

Seguro que outras escolas mais, outros centros públicos ou privados- se terán enfrontado a este lio pero o



terán resolto á chita calando ou, caso de ser privado, restrinxindo matrículas por razóns variopintas.

A ignorancia de pais e nais ten levado a reaccións así. Eles tiñan escoitado o que os responsábeis e reitores da sociedade estiveron transmitindo meses e anos sobre a SIDA, sobre grupos de risco, sobre o contaxio, sobre os apestados do século vinte.

Eles non fan mais –nen menos– que expresar o seu pánico, os seus temores e, querendo protexer –e sobreprotexer– aos fillos e ás fillas, dan mostra do que son capaces.

Mañá, pola mesma lóxica, prohibirán-lles montar en bicicleta –poden

ter accidente, morrer, mancar–, ir de excursión, saír da casa, e rematarán fechando-os nunha campá de cristal para que non respiren –aspiren– os virus que andan soltos. E ás nenas, en cumprindo unha idade, chegar ás 10 á casa, non vaia ser que traian embarazo.

O profesorado, incapaz de serenidade, de xenerar información tranquila, de guardar a intimidade do alunado –e moi sinaladamente dos que padezan enfermidades estigmatizadas–. Tampouco eles deron mostras, maioritariamente, de non estar rexidos polo analfabetismo moral, (é de aguardar que do outro estean mais protexidos).



**"A xerarquia da Igrexa católica, ferve,
se se fala de sexo ou de aborto,
incitando mesmo
á desobediencia civil,..."**



Por se todo iso fora pouco para nos producir arrepio, no centro escolar Luisa Marillac, Porto de Santa Maria, Cádiz, dirixido polas Fillas da Caridade, exercitando tan nóbel principio, despediron do seu posto de traballo á profesora Ana Maria Espinar, porque ela ousou exercitar a maternidade sen casar nun xulgado.

A xerarquia da Igrexa católica, responsábel nunha porcentaxe altísima dos valores da sociedade española, ferve, se se fala de sexo —en calquer das súas variantes—, ou de aborto, incitando mesmo á desobediencia civil, porén non ten empacho en calar, en non dicir ren, en non

escreber proclamas apoloxéticas, epístolas ou homilias a respeito da insolidariedade e das expresións máis dramáticas dela.

Falar de caridade, de actitude evanxélica, de «amade-vos os uns aos outros», «aos outros como a ti mesmo»... non son máis que palabras. E discursos valeiros se non teñen concrecións. Dar tanto valor á litúrxia cando se menosprezan actitudes de fondo..., non é máis que unha das expresións da hipocrisia á que ten contribuído poderosamente nos seus fieis.

Atribuír aos gobernantes e á sociedade moitos dos males que esta sociedade padece..., non deixa de ser

aquilo de tirar a pedra e agachar a man.

Agora estamos recollendo froitos do que uns e outros sementaron: gobernantes, dirixentes relixiosos e laicos, escolas e universidades, medios de comunicación, familia....

Uns e outros e cada quen habería facer repaso e exame do que ten semeado para que afloren actitudes, nada minoritarias por outra parte, criticábeis desde todos os puntos de vista.

Coa SIDA, coas Pateras, cos inmigrantes e ziganos... ▀

ISAURA GRAÑA



PERFIS

"ERGUETE":

ASOCIACIÓN DE AXUDA ÓS TOXICÓMANOS

A drogodependencia ao marxe dos aspectos médicos e científicos que entraña, require un tratamento sociolóxico, xa que no mesmo inciden factores sociais e familiares, que deben ser tidos en consideración á hora de afrontar dito fenómeno.

Un dos indicadores resultantes do grao de vitalidade dunha sociedade mide-se polo número e creación de iniciativas sociais de carácter privado, que albergan criterios firmes a problemas específicos, e concretamente no tema da droga, ningún membro do aparato social debe permanecer pasivo ante feitos flagrantes (consumo e tráfico).

A sociedade enteira debe ter un espírito reactivo ante o fenómeno da drogadicción, e non basta con buscar solucións erradicadoras ou permisivas, senon que pola contra, deben buscar-se actitudes renovadoras de cara ás xeneracións futuras.

Estas son as premisas baixo as que nasce ERGUETE, e que de forma máis concreta aparecen recollidas nos obxetivos da Asociación:

- X Apoio mútuo entre todos os afectados pola problemática da droga .
- X Formación continuada en cuanto ao coñecimento máis completo posíbel da problemática da droga para os membros da Asociación.

X Consecución de maiores recursos e máis adecuados, para a prevención, tratamento e asistencia e reinserción social dos drogodependentes.

X Realización de todas aquelas medidas legais de presión (movilización, denuncias públicas...) que sexan necesarias para a consecución dos fins desta Asociación.

X Defensa dos dereitos dos drogodependentes diante dos posibles abusos que contra eles se podan cometer a todos os niveis.

Desde o ano 89 conta ademais con un «Servizo de Información Xuridico-Social e Reinserción de Toxicómanos» composto por dous avogados, asistente social, coordinadora e administrativa, para prestar axuda legal ou informativa en comisarias, xulgados e prisións a todas aquelas persoas que directa ou indirectamente están afectadas polo problema das drogas, así como para facilitar información sobre posibles saídas laborais e de reinserción social a ex-toxicómanos.

O enderezo e teléfono da
Asociación é:

ERGUETE
Urzaiz, 1 - 3º B
36201 VIGO
Tel: (986) 223956



A muller na Administración Autonómica

▼ ANA PRIETO



Se a taxa de actividade feminina no noso país é relativamente inferior a dos homes, no eido da administración isto non é así, as mulleres superan ós homes. Pero se isto é así en canto a cantidade, non podemos dicir o mesmo en canto á calidade dos traballos asignados ás mulleres. Se ben a lexislación vixente equipara os dereitos en canto a acceso e promoción no traballo, «na práctica» segue a dar-se unha clara discriminación.

As mulleres, na súa maioría, e isto ve-se no ámbito da Administración, seguen acudindo ao traballo por necesidade, en busca dunha mellora económica, unha axuda e complemento ao salario do home. Isto leva a unha falta de interese, en moitos casos por promocionar, pois co que ten xa lle chega. E a que ten interese, moitas veces cortan-se-lle as súas aspiracións ao ter que se ocupar da casa, dos fillos, é dicir, levando unha dobre xornada, de 37 h. e 1/2 no traballo durante a semana, e outra sen límite do horario cando está na casa. E por outra banda está o feito de que calquera traballadora ten que demostrar que vale o dobre que calquera compañeiro home. Os traballos mellor cualificados, con maior responsabilidade ocupa-nos os compañeiros.

Bota-se en falta, que nun centro como San Caetano, sede dos servizos centrais da Administración da Xunta de Galicia, cun número de traballadoras tan numeroso, non exista unha soia garderia, nin se teñan ocupado os distintos gobernos, que por aquí pasaron, de concertar coas existentes e cos coléxios, garantir un horario coincidente co das/os traballadoras, ter comedores escolares. Esta falta de servizos esta-lle a afectar maiormente ás traballadoras, pois van ser elas as que renuncien a postos de máis responsabilidade para atender estas carências.



Por outra banda, cómpre suliñar, que dada a situación de traballo en precario, no que se atopan moitas mulleres, contratos temporais, interinidades, ven-se moitas veces ameazadas coa non renovación de contrato se fan uso de dereitos, tales como os permisos por maternidade.

Esta precariedade tamén é un campo aboado para a existencia de acosos sexuais, une-se ao medo que estas mulleres teñen de perder o emprego, para que actuen con total impunidad. E ademais que se pode esperar dun presidente e os seus secuaces, cando fai declaracións aos medios de comunicación, coma as que todas sabemos, onde a responsabilidade é sempre nosa, pois «a nosa forma de vestir, de mirar, de andar» fai-nos unhas provocadoras, e así xa se sabe... ▀

Ana Prieto
Delegada da CIG na Xunta de Galicia

M e r c e d e s . Carreño Fernández .

▼ TAREIXA NAVAZA GONZALEZ

MERCEDES CARREÑO,
Mamen para os amigos, naceu en Ferrol e estudou Psicoloxía en Santiago. Ten catro irmáns e leva tres anos divorciada. Despois de catro de convivencia a separación foi amistosa. Mamen creo que é unha das mulleres novas que coñezo con máis cargas ou responsabilidades as súas costas: Presidenta da Sociedade Galega de Sexoloxía, Directora de *Cadernos de Psicoloxía*, Secretaria do Colexio de Psicólogos de Galicia, leva a codirección dun novo programa de sexualidade na radio Onda Cero, todo isto compartido co seu traballo intenso e diario como psicóloga do Centro de Orientación Familiar de Compostela. Hai un tempo leu a súa tese sobre o amor: "Aspectos Psicosociais das relacións interpersoais".



¿Por que elixes ese tema?

Porque non había nada feito e sorpendíame que un tema tan importante para todos nós, que rexe as nosas vidas, non estivera estudado dentro da psicoloxía. O único material que había eran algunhas investigacións en USA por iso a miña tese foi a primeira en España e tamén en Europa. No meu traballo trato de definir que é o amor, se é igual para varóns ou mulleres, se se diferencia coa idade, explicar que variables inciden en que unha persoa se namore doutra...

¿Despois de eses dous inmensos tomos variou o teu concepto do amor?

Non, pero servíume de confirmación, é dicir: a min parecíame que arredor do tema do amor había moita manipulación e iso indignábame, despois do meu estudio confirmei que o amor non é tanto amor como se di nin tanta idealización, nin tanto misterio senon que hai unhas variantes moito máis reais que están a influir en que unha persoa se namore doutra, decida namorarse doutra.

E aínda que supoño resulta difícil, ¿podes defini-lo amor?

Hai tres pasos ou estadios diferentes que non diferenciamos cando falamos do amor popularmente. Hai a atracción, que é atracción física e esa é a primeira parte, distinta dunha segunda que é o enamoramento –absolutamente diferente do amor– e cando despois dun tempo decides desenvolver dous elementos, intimidade e compromiso, iso é amor. Cando alguén lle di a unha persoa que a ama, estalle a dicir cousas moi distintas si llo di cando a acaba de coñecer ou si llo di cando pasaron cinco anos. Ocorre que socialmente faíse unha implicación directa entre o que é ser atractivo e o amor ou enamoramento e son cousas distintas rexidas por variables diferentes e que moitas veces son inaceptables. É bastante difícil de aceptar que casamos ou establecemos unha relación continuada porque a outra persoa nos gusta fisicamente, iso é bastante inaceptable socialmente, pero en realidade é así: de quen te fixas e con quen decides establecer unha relación é con

as persoas decidimos de quen e cando nos enamoramos

aquela persoa que che gusta fisicamente e a partir diso que se pareza a ti, que sexa semellante a certos niveis moi primarios: económicos, educacionais... Tamén inflúe a admiración intelectual que poidas sentir pola outra persoa.

¿O amor é cego?, ¿pode aparecer sin que ti o busques?

Unha persoa namorase cando decide namorarse. E dicir: hai unha especie de voluntariedade no acto de namorarse e iso negásenos cando se nos fala do amor. Non é certo que ti caes subitamente namorada e falas maiores tontearias. As persoas decidimos de quen nos namoramos e cando dis "coñecín a fulanita/a e estou namorado non o podo evitar", previo a iso e dun xeito bastante inconsciente, atuomáticamente dis: "esta persoa é fermosa, cónvenme economicamente, tamén fisicamente, admíroo por isto..." cando todos eses elementos conflúen dis "voume namorar" e enamoraste desa persoa. Toda esa idea de que o amor é incontrolable é falsa, pero importante socialmente mantela porque en base ó amor se aturan cousas que non se resistirían doutro xeito se non se xustifican polo amor, sentimento que fai manter situacións insostenibles. No nome do amor padécense malos tratos, anúlense moitas personalidades e vívense vidas absolutamente insatisfactorias.

Varía o concepto do amor entre os homes e mailas mulleres?

Os homes enamóranse moito máis rapidamente que as mulleres, é dicir, moito menos pragmaticamente; definen antes que están namorados porque o peso do atractivo físico é moito maior para eles, definen antes que están namorados pero se lles acaba tamén antes. As mulleres tardan máis en decidir que



"toda esa idea de que o amor é incontrolable é falsa, pero importante socialmente mantela..."

están enamoradas pero manteñen o sentimento moito máis tempo. Non creo que haxa unha diferenza en "xenerosidade", pero si no xeito de definilo. Os homes son moito máis dependentes cás mulleres nas relacións amorosas, da relación amorosa. A dependencia defínese porque se considera a outra persoa insubstituíble para ser feliz. Nos homes iso ten moitísimo máis peso que para as mulleres. As mulleres dependemos máis do concepto do amor —que para nosoutas é o centro das nosas vidas—, a vivencia dos homes é:

se me falta esta muller non son ningún. Pola contra as mulleres necesitamos mais "estar enamoradas".

¿A convivencia mata o amor?

Mata o enamoramento. O amor necesita convivencia para desenvolverse tal e como o definimos antes. Despois dun certo tempo –que acostuman se-lo primeiros sete anos– se o superas rexorde de novo a paixón... de tódolos xeitos que a paixón renaza depende dunha serie de variables, de "mante-la viva".

¿En que medida e perxudicial unha relación entre persoas desiguais?

Nunha medida moi alta porque a intimidade depende de moitas cousas distintas: entender e ser entendido pola outra persoa, apoiar e ser apoiado. E ter esa sensación se as dúas persoas son absolutamente distintas é moi difícil. Pódese manter por outras cousas...

¿Hai amores enfermizos?

Mais ben amores de dependencia. A aprendizaxe da felicidade é tan asquerosa, tal e como está montada, que non aprendes a valorarte por ti mesma nin aprendes a valoralo teu traballo nin as cousas que fas. Valórate na medida en que te valoran os demais e para iso sempre é necesario ter un home ó lado e se é maravilloso e intelixente moito mellor... daí esa sorna cando unha muller adulta está solteira, dise que ningún home a elixiu; pero se el é o solteiro é porque decidiu non escoller a ningunha. A valoración que se fai é diferente. De tódolos xeitos a sociedade é moi hábil e sempre ten formas para "explicar" o que non encaixa no seu esquema, entón o xeito de facelo é


patoloxizando o que non encaixa e acumando os solteiros/as de homosexuais e lesbianas.

Despois do teu extenso estudio ¿renegas do amor?

En absoluto. O amor parece-me –como a canción– maravilloso pese o que dixen.




"**a** obxección de conciencia non se da só para face-lo aborto senon que se da tamén para face-lo informe o que é xa o colmo da obxección."



O amor é moi positivo. O amor de parella, ós pais, amigos, familia, os marxinados... é moi bón por iso eu antes diferenciaba entre o enamoramento e o amor. O sentimento amoroso é un sentimento de proximidade, de vinculación. A amizade ten un tanto por cento elevadísimo dese sentimento de amor. A amizade é a gran prexudicada desta sociedade xa que tentando potencia-la necesidade do amor non se potencian outro tipo de relacións afectivas que poderían chegar a satisfacernos tanto como a relación amorosa. Todos necesitamos a vinculación con alguén porque somos seres sociais. ¿Lémbra-la canción de Silvio Rodríguez "unamos las banderas que no haya soledad?", a evitación da soidade consíguese có amor pero tamén con outras relacións afectivas. A amizade sería a solución para tanta parella en desamor. O importante é buscar relacións que che fagan crecer persoalmente, que produzan satisfacción, que che fagan sentir útil e querida...

¿O amor para toda a vida?

Difícilísimo de manter, depende das esixencias que se marquen na convivencia. Ocorre que na maior parte das parellas o vínculo mantense independentemente de que haxa ou non amor.



En Galicia hai uns dez Centros de Orientación Familiar e ti Mamen traballas como psicóloga no de Santiago. Supoño que son moitos os problemas que se vos presentan a cotío, ¿cáles salientarias?

Demandas de aborto, de tratamentos-métodos anticonceptivos irreversibles, mulleres con problemas de anorgasmias, desexo sexual inhibido ou dificultades de excitación e os homes por situacións de exaculación precoz e impotencias. No problema da impotencia a maior parte son de orixe psíquica e respecto da exaculación precoz débese a que os varóns se ven querendo mantelo poder desas relacións. Non están relaxados. Queren executar ben o que eles supoñen que é unha boa actuación sexual e iso produce unha ansiedade que impide que a relación sexual sexa satisfactoria.

¿Son suficientes os Centros que hai en Galicia?

Os Centros son imprescindibles pero non chegan nin para comezar. Debería haber case un por barrio. No de Compostela temos agora mesmo once mil historias que non teñen un final senon que unha muller cando chega a un centro de planificación vai seguir indo sempre. A espera prólongase meses e

meses. Por exemplo, unha muller que vai facer unha demanda dun sistema anticonceptivo dáselle un ano despois (unha broma de mal gusto porque nesa espera poido ter un fillo, ter pasado a lactancia...)

Falabas hai un momento de que atendedes moitas demandas de aborto ¿cómo seguides vivindo ese tema?

Posta no lugar das mulleres creo que é peor facer un aborto recurrido a unha demanda dentro da Seguridade Social que fóra. As mulleres seguen pagando aínda que agora xa non teñan que viaxar ó estranxeiro porque a maioría dos abortos fanse en Galicia ou en Madrid. Os abortos que se fan son todos legais. As clínicas acredítanlle esa legalidade pero a maioría non se fan dentro da Seguridade Social porque para iso fai falta facer todo un trámite moi complicado. A obxección de conciencia non se da só para face-lo aborto senon que se da tamén para face-lo informe o que é xa o colmo da obxección.

“ Non sei porque ten que haber máis nenos galegos e menos etíopes, por exemplo. Non o entendo.”

O aborto realmente segue a ser un drama para moitas mulleres.

Un drama cotián. Tremendo ver mulleres sen ningún tipo de recurso nin de información vivindo na anguria e na miseria. Iso é o cotián. E moito máis do que parece. Por estrano que pareza moitas mulleres do rural e mesmo de barrios das grandes cidades seguen empregando métodos anticonceptivos salvaxes: a agulla de calcetar, por exemplo.

¿A cantos problemas pode levar unha mala sexualidade?

Pois a estar insatisfeito toda a vida. Eu xa vin máis dun caso de intento de suicidio po-la anguria que xeraba unha vida sexual totalmente insatisfactoria e a desvalorización que producía o verse funcionando sexualmente mal.

¿Que aconsellaría ás mulleres que so viviron para os fillos, no momento que estes



"Hai moitas variables —non só as económicas— para que a muller ature unha situación de submisión cun home."

se van de casa, ou xa non as necesitan tanto, etapa que case sempre ven coincidir coa menopausia?

As mulleres "tradicionais" a chegada da menopausia vívena mal. Nos Centros de Orientación Familiar é unha das causas que máis temos que tratar. E non é de estrañar que se sintan así. E como se o obxecto da súa vida desaparecera e non son ninguén. Eu diríalles que nunca é tarde para reencontrarse, para buscar as súas propias afeccións, os seus propios desexos e comezar a facer a súa vida. E difícil pero non tarde. Mellor sería ter empezado antes. Unha muller é algo máis que ser nai, deberían cultivarse desde sempre non só cómo nais senon como persoas.

¿Que opinas do descenso da natalidade?

Creo que somos abondo. As cousas non se poden valorar por separado. Tendo en conta a superpoboación mundial non vexo porque ten que ser dramático o descenso da natalidade en Galicia. En todo caso a decisión de ter máis ou menos fillos e unha decisión persoal que non debe ter que ver coa política natalista. En xeral estou en contra desas políticas. Non sei porque ten que haber máis nenos galegos e menos etíopes, por exemplo. Non o entendo.

Sei que hai dous temas que afectan as mulleres e que te preocupan e indignan dun xeito especial: as violacións e os maos tratos.


Parécenme as grandes salvaxadas deste século. As violacións non creo que sexan, como pensan moitos, un problema de liberdade sexual ou porque os homes necesitan desfogarse sexualmente; máis ben é unha situación na que se produce unha agresión pola necesidade de poder ou pola vivencia de querer ter poder sobre unha muller á que consideran inferior. Mentres non se cambien as condicións sociais nas que se da iso, vaise seguir mantendo esta situación. Quero insistir que os violadores non son trastornados nin tolos que non saben o que fan. Creo tamén que hai violadores tolos como hai executivos tolos, por exemplo. O que quero dicir é que non é a loucura o que induce á violencia. En canto ós malos tratos diría que é a humillación diaria de tantas e tantas mulleres, a degradación... As mulleres maltratadas acostuman ser mulleres cunha autovaloración penosa. Os malos tratos psíquicos teñen peores repercusión que os físicos. Son situacións difíciles de analizar porque sempre xorde a pregunta ¿cómo se pode aturar tanto e ademais culpabilizándose? Hai moitas variables —non só as económicas— para que a muller ature unha situación de submisión cun home.

¿Darías un consello?

A calquera muller que viva esa situación de malos tratos que se marche canto antes. Non hai máis saídas nin máis arranxos que cortar. E a única solución.

Por último Mamen, ¿o feminismo segue a ser necesario?

Segue a ser igual de necesario que hai 20 ou 30 anos. Coido que non se ten conseguido a igualdade das mulleres e nese senso é necesario seguir loitando para conseguilo. ▀



Delito de difamación 26

Delito: ser puta 28

Dereito ao aborto:
asignatura pendente 31

Dá náusea 33

É pouco, acaso,
a privación de liberdade 35

Reflexións acerca dos
permisos carcerarios 39




DELITO DE DIFAMACIÓN

▼ AUREA SANCHEZ

A

reforma do Código Penal non vai contempla-lo delito de difamación que o Goberno introducía no proxecto de lei. Os xornalistas por primeira vez, non só as empresas editoras-difusoras, son o elemento a controlar con esta nova figura penal. A inhabilitación para o exercicio profesional era (é) a ameaza coa que os intimidaban. Tres mil



¿Os que queren castiga-la difamación non son os que máis a usan?

¿Non é a principal estratexia dos partidos políticos entre eles?



sinaturas recolleu o «mestre» Manuel Leguineche dos seus colegas para protestar pola introducción desta figura delictiva contra os profesionais da comunicación.

Conseguido que a difamación non figure no texto legal, xa importa menos que a lei se aprobe ou non nesta lexislatura. Disque «os da pluma» están corrompidos, alarmou Juan Luís Cebrián. Será por iso que non precisamos delito nin tempo que perder nos xulgados. Se alguén perde a fama co gallo dunha circunstancia noticiosa na que está envoltó ¿Por qué non se pregunta polo

rendemento que lle reportou ser famoso, gracias ós medios de comunicación?

O xornalista ha de seguir atento coas fontes informantes para non caer nos delitos de injurias ou calumnias no exercicio do seu traballo; o resto é beneficio social, destape de corrupcións e carnaza para as revistas que viven do conto.

Tampouco sufrimos un ataque de sensacionalismo imparabile e inútil. Xa temos o enxeño quente abondo co pragmatismo como para botar en falta que nolo afurmigue. A realidade supera calquera atrevemento xornalista.

Informar sen desacreditar é difícil mesmo para o máis airoso no oficio. ¿A louvanza e a desacreditación non van sobreentendidas en todo comunicado informativo? ¿os que queren castiga-la difamación non son os que máis a usan? ¿Non é a principal estratexia dos partidos políticos entre eles?

Ter un artigo vinte da Constitución tan lustroso e empezar despois a recortalo con mil e unha reservas, obrigaría a imprimir en tódolos textos da Carta Magna unha chamada ó lector sobre as restriccións do que alí se di.

O delito de difamación poría nun trono ós famosos coma o que gozan os deuses, ós que, nada máis subiren ó ceo ninguén pode cuestionarlas súas trouladas; nin sequera queren que se saiba se purgaron algunha infracción e cómo sufriron no acendramento.

O castigo, que anda mergullado nalgunhas mentes, pende sobre «os da pluma» a xeito de chamada a filas. Un pano escuro sobre un mundo cheo de sorpresas.

A liberdade de expresión límpase soa. Non precisa especiais fregados. ¿Quen sacaría logo o esplendor de Santa Lucía a tanto arribista, delincuente de luva branca e intermedio se se vise ameazado coa difamación como se pretendía?

Pero non perdámo-lo tempo rexeitando esta modificación do Código Penal. Como as leis se fan para defende-los menos favorecidos; e como difamar é igual a atentar contra a fama, imaxe, dignidade e honorabilidade (e como as catro palabras teñen xénero feminino), ó mellor o que pretende o lexislador é ampara-lo sexo feble. ¿Non andaban buscando unha definición para o acoso, que maiormente o sofre a muller? Digamos que si á difama-

que castigar, pero ninguén se viu reflectido nesa definición de «digno, honorable, con boa imaxe e famoso». Ó peor xurdía baixo a ameaza do castigo creado no Código Penal, pero polo de agora alguén que reúna esas cualidades xuntas... é moi difícil dar con el.

Se só quedan famosos sen dignidade e honorables con mala imaxe, que alguén fose acusado do delito de difamación sería un acto de heroísmo xornalista. O presunto per-



ción, pero non só á que se produce por escrito, nas ondas ou en debuxos, fotografías e carteis. Esta é a definición do delito máis fuxidizo desde que á Eva a culparon de facer pecar coa mazá na man. Adán non debía ter idade nin conciencia do bo e do malo.

Retiraron a difamación porque non atoparon ó protexido da lei. Sabían de quen se agochaban, a quen tiñan

xudicado aínda lle perdoaría a vida ó asinante do libelo e lle propoía que traballase para el; no seu novo departamento de relacións públicas. O texto dicía que se lle inhabilitaría para a profesión. ¿Non sería unha artimaña para contratalo máis barato? ▀

Aurea Sánchez
Xornalista da TVE-G

Delito: SER PUTA

▼ CRISTINA GARAIZABAL

O proxecto de Código Penal que o goberno enviou ao parlamento foi sufrindo diversas modificacións desde que se deu a coñecer a súa existencia. Antes do verán, os medios de comunicación fixeron-se eco de varias destas modificacións. De todas elas, o medre da dureza contra os delitos de prostitución foi das que pasou máis desapercibida.

Na actualidade, a situación da prostitución e, máis concretamente, das prostitutas é a dunha total arbitrariedade. Aínda vixente a Lei de Perigosidade Social, aínda que non se adoite aplicar habitualmente, o certo é que esta serve para criminalizar tanto a quen exerce a prostitución como ao seu médio: casas de citas, pensións, proxenetas, etc. A necesidade da reforma da legalidade vixente era evidente desde había xa moitos anos.

Tal e como se deu a coñecer o anteproxecto de Código Penal (antes das últimas modificacións ás que aludía máis arriba), parecía que se daba un paso importante na consideración penal da prostitución. Efectivamente, considerábase como tal delito só aqueles casos nos que se prostituía a menores ou se obrigaba a prostituír a maiores de 18 anos mediante coacción e en contra da súa vontade. Esta nova tipificación ía acompañada da derogación, por fin! do que



“... introduciu-se como puníbel o feito de que se abuse «dunha situación de necesidade».

queda da tristemente famosa Lei de Perigosidade Social.

Pero, he-te aquí! que, a finais de xuño, Carlos García-Valdés, coordinador xeral do anteproxecto de Código Penal, descolga-se ante os medios de comunicación coa información de que, a proposta dun grupo de penalistas que se reuniu en Valencia poucas datas antes, o *Ministerio de Justicia* decidira modificar o anteproxecto endurecendo o referente aos delitos de prostitución. En que consiste a modificación? Por unha parte, nun aumento das penas paa quen prostituía a menores. Por outra, na descripción do delito que comete quen prostituía a maiores de 18 anos, introduciu-se como puníbel o feito de que se abuse «dunha situación de necesidade».

Que significa a inclusión deste último engadido? En primeiro lugar habería que sinalar que nos atopamos ante unha descripción enormemente ambigua («abusar dunha situación de necesidade»), dificilmente obxectibábel e que se presta a un sen fin de interpretacións. Cuestión moi perigosa en calquera situación e que adquire maior gravidade cando se trata, como é o caso, da tipificación dun delito que leva aparelada a pena de privación de liberdade, o cárcere, nunha palabra.

A ningún se lle escapa, a

pouco que coñeza o médio que rodea a prostitución que este engadido de última hora non vai facer senón colaborar á súa criminalización. Non se penaliza directamente ás prostitutas, efectivamente, pero esta modificación pode servir para pechar burdeís, pensións nas que desenvolven o seu traballo, etc. e meter baixo reixas a calquera que colabore ou facilite o traballo dunha prostituta.

Por outra banda, as connotacións ideolóxicas de semellante modificación non deixan de transpirar un tufiño paternalista e sobreprotector. Porque, onde queda a vontade, a libre opción de quen se prostitúe? Diría-se que o *Ministerio de Justicia*, ao incluír esta modificación, comparte as idéas de quen pensa que as prostitutas, todas elas, son vítimas pasivas das situacións, sen vontade para decidir. A consideración das mulleres (nesta como noutras moitas situacións), como nunha eterna minoría de idade, sen capacidade para decidir por si mesmas, necesitadas sempre do concurso de *outros*, do seu amparo e protección é algo ben coñecido por todos nós, que se repite até a fartura. Unha consideración que acaba deixando en mans do Estado, dos administradores da xustiza, do corpo legal... a nosa protección. Mal asunto! Enganoso e perigoso asunto!

Resulta, cando menos, sorprendente tan alta preocupación polo abuso de «unha situación de necesidade» no caso das prostitutas e tan escasa, ou tan inexistente, noutros casos, noutras situacións nas que, tamén mulleres, desenvolven actividades e traballos nas piores condicións imaxinábeis. O traballo sumerxido, os draconianos contratos que os empresários imponen a moitas traballadoras de sectores como o do calzado, o textil, a industria conserveira... as condicións que se ven obrigadas a aceptar tantas mulleres empregadas de fogar, non digamos xa se son filipinas, dominicanas (ou de calquera outro país do chamado Terceiro Mundo)... o aro polo que teñen que pasar tantas xoves para ac-

ceder a calquera emprego... non adoitan conlevar, tamén «abusos dunha situación de necesidade» ¿Por que ese diferente trato, esa abismal diferenza? Por que se penaliza no caso de tratar-se da prostitución de maiores e se ten unha manga tan ancha, ou se ofrecen facilidades legais noutro tipo de traballos?

Máis alá destas consideracións, que entrarían no terreo das idéas, esta nova tipificación dos delitos de prostitución, na práctica, volve a deixar ás prostitutas nunha situación de inseguridade legal e indefensión. Non hai que esquecer que criminalizar o médio das prostitutas implica que as máfias e as redes clandestinas campen ás súas anchas. Implica, tamén, que medren as dificultades para que as propias prostitutas se animen a denunciar situacións abusivas reais, abusos moitos deles por parte da policía. Polo menos, así o denuncian elas non Congresos Internacionais que celebraron, onde maioritariamente se pronunciaron polo rexeitamento a todo tipo de criminalización ou de regulamento da súa actividade e polo recoñecemento das prostitutas como traballadoras que deben ter recoñecidos os seus dereitos.

Esta nova tipificación dos delitos de prostitución que contempla o proxecto de Código Penal dá-se nun momento no que as políticas

das institucións locais varían enormemente segundo quen as dicte e as aplique. Así, mentras nalgúns municipios a liña que se segue é a de «vale máis non meneallo», noutros, como Madrid, levan-se a cabo sucesivas «operacións de limpeza» para facer desaparecer a prostitución da rua, non vaia ser que a imaxe da Capital Cultural Europea se vexa deteriorada. En Barcelona, por exemplo, antes dos «Juegos Olímpicos», despraza-se-as da súa zona habitual de traballo —Pedralbes— a outra zona despoboada e alonxada do centro da «capital olímpica».

Diría-se, non obstante, que estas políticas si teñen algo en común: os imperativos da dobre moral. Evidentemente non se trata de mellorar as condicións de vida das putas, nin tan siquiera (na lóxica dos artifices destas medidas) de facer desaparecer a prostitución, pois saben que non é posíbel. Trata-se, ante todo, de que non se vexa. Isto concreta-se en machacar ao sector máis desprotegido e vulnerábel da prostitución: o das prostitutas da rua. A súa dispersión e a súa falta de organización, así



como os problemas de delincuencia e drogas que a miúdo se desenvolven arredor deste sector de prostitución favorecen esta política represiva, apoiada, en moitos casos, neses sectores «benpensantes» da poboación que consideran que os seus bairros se degradan coa prostitución de rua.



Con todo, as medidas represivas deron lugar, como no caso de Barcelona, a que algunhas prostitutas sentiran a necesidade de agrupar-se para defender-se ante tamaño atropello. Estes inicios de auto-organización das prostitutas, nada dados e en ocasións efimeros son a outra cara da moeda destas políticas represivas.

Os elementos que influen na marxinação, discriminación e desconsideración social que sofren as prostitutas son múltiples e variados. O Código Penal é un deles, aínda

que probablemente non é o máis fundamental. Sería absurdo pretender que o Dereito Penal solventa os problemas das prostitutas. Mal fariamos en confiar na penalización como vía para o recoñecemento de dereitos e para a solución de conflitos, máxime cando neste caso nin siquiera se recoñecen os dereitos das prostitutas no Código Civil ou na lexislación laboral e cando segue pesando un forte estigma social sobre elas.

Agora ben, se queremos defender os dereitos das prostitutas, considero que hai que partir de recoñecer o *dereito a prostituír-se*. Iso conleva exixir que o Código

“... mentras as prostitutas sexan consideradas as outras, as más mulleres, a sexualidade feminina seguirá estando normativizada...”

Penal non penalice máis do estrictamente necesario: a quen prostitue a menores e, no caso dos maiores, a quen coacciona ou obriga a prostituír-se a alguen en contra da súa expresa vontade. Contemplar outro tipo de situacións á hora de tipificar este delito no Código Penal penso que é innecesario. Que agacha a idea de que ningunha muller pode prostituír-se se non estivo obrigada a iso por necesidade. Idéia que se completa coa consideración da prostitución como algo tan denigrante que denigra a quen a exerce. Conclusión: ningunha muller o fai voluntariamente.

Estas ideas, tan xeneralizadas sobre a prostitución, encerran un enorme perigo xa que colaboran no mantemento do estigma social que pesa sobre as prostitutas e re-

forza a falta de autoestima que moitas delas teñen. Pero non só iso. Considero que o movemento feminista deber ser consciente de que a loita contra o estigma social que sofren as prostitutas é de vital importancia, non só para elas, senón para todas nós. Estou convencida de que até que non aca-



bemos con ese estigma, mentras as prostitutas sexan consideradas *as outras, as más mulleres*, a sexualidade feminina seguirá estando normativizada e sobre o conxunto das mulleres penderá —como espada de Damocles— o estigma, o risco de ser considerada unha puta cada vez que nos apartemos das normas que esta sociedade impón *ás boas mulleres*. ▀

Cristina Garaizabal
Psicóloga
da Comisión Antiagresións de Madrid

DEREITO AO ABORTO:

ASIGNATURA PENDENTE?

▼ ANNA MARIA OSA I FARRÉ

A

piques de cumprimento o sétimo aniversario da despenalización parcial do aborto, e a raíz da proposta do Ministerio de Xustiza do anteproxecto de Código Penal que nace coa grandilocuente categoría de Código da democracia, volve á palestra a sempre espiñenta temática do aborto.

Vaia por diante a miña opinión de que nengunha muller é abortista sen máis, e nembargantes, somos bastantes as que reclamamos, desde hai moitos anos, que o aborto sexa despenalizado definitivamente e se elabore unha lei de prazos para que as mulleres que tomen a decisión de interromper o seu embarazo poidan acoller-se a aquela para leva-lo a cabo con seguridade para a súa saúde e dentro do respecto á súa intimidade.

Parece que, máis unha vez, as mulleres imos ter que agardar unha nova oportunidade porque o anteproxecto de xustiza non contempla



ningunha modificación, cinguíndose a reproducir os tres casos até agora despenalizados (grave risco para a saúde física ou psíquica da embarazada, malformacións fetais e violación) sen tan sequer abordar a posibilidade socioeconómica que, segundo os medios informativos, prevalece fronte á lei de prazos. A única novidade refírese-se á regulación das penas privativas de liberdade para os casos de aborto non despenalizado que son manifestamente inferiores e previndo ademais a posibilidade alternativa de impoñer unha pena de multa. En sí, o conxunto do capítulo do Código Penal adicado ao aborto resulta frustrante en canto que aínda penaliza o feito nalgúns casos e transmite unha actitude de benevolencia en canto ás penas que nen comprace á sociedade que reivindica a despenalización nen, por suposto, agrada aos que ven no aborto un acto criminal.

O anteproxecto que se propoñerá

ao Parlamento español para a súa discusión é informado tamén polo Consello Xeral do Poder Xudicial que, sen ser vinculante nas súas propostas, teoricamente remenda os fallos e fai propostas para a súa mellora. Nesa vía, tivemos noticias filtradas na prensa días pasados de que o vocal encargado de elaborar o borrador para discusión do Consello Xeral do Poder Xudicial, no que fai referencia ao aborto, informa no senso de que o cuarto suposto non viría anticonstitucional e que, en todo caso, opinaba que naqueles casos en que a decisión da embarazada non estivera baseada en nengun dos catro supostos tampouco debía penalizarse á muller. A verdade é que a información non era moi completa pero a conclusión que poden tirar era que, para ese vocal, por un lado, a lei de prazos non pode encaixar coa Constitución pero, por outro lado, opina que a muller non debe en nengun caso ser pe-

nalizada. Respeito do proxecto ministerial non cabe dúbida que supón un avance considerábel se ben non se entende moi ben porque non cabe a posibilidade legal dunha lei de prazos e si cabe a non penalización. Na noticia aparecida no diário *El País* matizaba-se que non debía ser penado cando se demostrara que a decisión da muller é firme polo que parece apuntar cara á creación dunha comisión que garanta esa firmeza. Inda que o borrador de informe elaborado polo vocal do Consello Sr. Vives non aborda a solución definitiva que só se atinxiria coa lei de prazos, o certo é que me criou a expectativa de que se ía poder cubrir o valeiro que supón a proposta de xustiza. Pero, como xa pudemos ler todas na prensa, o pleno do CXPX non asumiu o informe que presentara o Sr. Vives e produciu-se un bloqueo na emisión do informe sobre o anteproxecto de Código Penal que se solucionou coa decisión salomónica de suprimir os fólíos referentes ao aborto, e en consecuencia non houbo, a respecto desta cuestión, opinión oficial do órgano consultivo. Así e todo, trasluciu á prensa a falta de acordo chegando-se a emitir, cal se de unha sentenza se tratara, votos particulares, estes da

minoría que opina que debería pro-
poner-se ao goberno a redacción
dunha lei de prazos.

Parece-me importante que neste momento, e aproveitando que xa tivo lugar o primeiro debate en torno da penalización ou non da interrupción voluntaria do embarazo, as mulleres criemos as condicións para proseguir nesa discusión non permitamos que as maiorías parlamentarias se pronuncien denantes de que se saiba a nosa opinión posto que somos, queira-se ou non, as únicas afectadas. A sociedade ten pendente debater se a decisión do aborto debe circunscreber-se a consideracións de tipo ético ou moral e polo tanto opinábel pero nunca puníbel ou se, polo contrario, aínda a tutela estatal está por enriba das decisións persoais e pode dicer-nos o que está ben e o que non.

De prosperar a proposta gubernamental apoiada, tal e como a coñecemos agora, polo sector conservador do CXPX, non cabe dúbida que o slogan feminista aparecido nuns carteis que reza «Inda vamos necesitar estes enderezos» non vai perder a súa vixencia xa que non se trata tanto de se cos actuais supostos despenalizados se abrangue o setenta por cen dos casos de inte-

rupción voluntaria do embarazo, senón de algo moito máis importante: respetar que a muller tome a súa propia decisión sen ter que render nengun tipo de explicación dos motivos íntimos que a levan a tomar esa decisión. Outra cosa é que na vía proposta polo Sr. Vives se criaran nos centros legalizados para a interrupción do embarazo unhas comisións multidisciplinares que facilitarán á muller a información e apoio técnico necesario para constatar que a súa resolución é firme e non vén inducida. Mais esas comisións, de feito, están en funcionamento en clínicas autorizadas para a interrupción do embarazo e, nos países que teñen regulado o aborto por unha lei de prazos, prevén a existencia de comités que indaguen o propio convencimento da embarazada para verificar que non sexa imposto, sen necesidade, en calquera caso, de indagar puntualmente cal é o motivo último da decisión.

Non querendo eludir o debate persoal, xa que entendo que é un tributo que hai que rendir, debo manifestar que nunca considere acertada a expresión do feminismo de que a muller fai co seu corpo o que quere; aínda sendo ben certa, non considero que aplicado á decisión de abortar poida abranguer toda a conflictividade que na realidade individual formula. Poucos, e polo tanto non representativos, son os casos en que a muller chega á decisión de abortar ponderando o seu corpo, son as máis as que non se senten quen de asumir esa responsabilidade porque entra en conflito con elementos persoais de índole afectiva, social, económica, madurez..., e todas, algunhas ou unha son as que decantan esa decisión do aborto. A íntima convicción de que iso é así permite-me abogar por unha lei de prazos, e apoiar por tanto calquera mecanismo legal que leve a que a muller que aborta non sexa castigada. ▀



Anna María Osa i Farré
Membro de Xusticia e Sociedade de
Galicia

DÁ NÁUSEA

▼ ANABEL ALVAREZ


Hai experiencias literarias únicas, como as hai na cotidianidade da vida, e isto na medida na que a literatura recolle e representa –sublimando ou degradando– a realidade inmediata. Mais non podemos pedir ás palabras a eficacia demostrativa dos feitos. O poder da linguaxe non estrictamente científica –a que non serve para un coñecemento inductivo– non existe senon como aliada dunha sensibilidade común, social, ou da intuición, que é un coñecemento directo e inmediato que non precisa de demostración, e que ven engadida a clarividencia persoal e non participable.

A náusea sartriana é unha experiencia incommovible como se a historia non pudiera existir sen ela, sempre viva a súa razón, unha experiencia na que a linguaxe cifra nun só termo a capacidade humana de resposta ós feitos, física e sentimental.

A náusea como emoción é mais que noxo, moito mais que desprezo. É unha forma radical de negación, de condeza do concreto. Unha emoción que nasce para a literatura, para expresarse a si mesma na literatura, por todo o que a significa: a impotencia perante o que nos supera, perante a complicidade de tódalas miserias: a subcultura, o egoísmo a hipocresía, a insensibilidade, a envexa, o crime.

Podémoslos enxuciar dende a marxinalidade do Movemento Feminista. Forzar a linguaxe até achegámonos ós xordos que son maioría. Así conquisaron as nosas mensaxes unha receptividade crecente por parte da so-

ciadade. Unha sociedade que non lé a Proust porque non lle-lo venden pola televisión, non critica ás institu-



cións porque son fillas dunha democracia que non cuestiona, unha sociedade que está moi convencida da relatividade das cousas, especula con cartos, non pregunta.

Hai un ser satisfeito, protexido polo seu poder político, lexitimado para dictar leis, imponhelas ao marxe da vontade e das necesidades básicas da sociedade. Chámase demócrata e leva na fronte as enrugadas do vello Occidente, o fastío e a decadencia dun mundo que se aldraxa así mesmo. A minha náusea alimenta a subcultura, o paro, os privilexios inxustificables, o falso e hipó-

crita socialismo dos que representan os seus propios intereses burgueses e se proclaman representantes do povo, a corrupción a tódolos niveis, o engano, a inxusticia.

Que lle ofrezan cen millóns a un cantante mitificado pola estupidez ianqui, a burguesía do sentimentalismo fácil, a cultura do deporte, cen millóns dende un “executivo” que decide conxelar oposicións e salários. Que tenha eu que pagar iso e moito máis do que non me interesa, do que aínda desprezo: a monarquía, os coléxios concertados que expulsan nais solteiras, unha exposición universal a que non asistirei... Que tenha eu que aprobar un tratado da Unión Económica Europea que non examinei. Que tenha que comprender a destrución de excedentes agrícolas e gandeiros cando a metade do planeta morre de fame: a fragilidade da democracia, a hipocresía dun mundo obsesionado polo seu crecemento económico.

Pero a minha náusea nasce mais fondo; da expresión perfecta da tiranía política, a imposición da mezaquindade.

Non pode a minha insubmisión antidemocrática esquecer o corpo destrozado, esnaquizado a golpes, dunha nena de nove anos; o seu sufrimento baixo a forza brutal e física do odio. A minha anacrónica sensibilidade non pode asumir un Código Penal escrito dende a valoración sexista dos delitos.

Quizáis a náusea encerre o perigo de cuestionármolos a existencia da democracia, pero facelo é un acto de intelixencia, non de emotividade.

Se as dictaduras sacrifican moitas liberdades, a democracia sacrifica unha fundamental, que é a liberdade de existiren, o dereito á integridade física, que é anterior a todo outro dereito (de asociación, expresión libre, etc.), e polo tanto presuposto a condición dos demais. É isto unha verdade tan elemental e verificable que non admite discusión, como sí a esixen os principios nos que o Código Penal descansa. Así, a tese roussoniana da bondade natural e universal do ser humano, que non é unha tese científica nen o pretende; e unha posición filosófica –devida en ideolóxica– entre outras que tampouco poden ser demostradas científicamente por tratanse obxectos non perceptíbeis, non dados. O filósofo interpreta a realidade con maior ou menor rigor lóxico segundo a súa clarividencia e capacidade intelectual. Os razonamentos e intuicións filosóficas contrapónhense uns ós outros, e son aceptados polos individuos só na medida que estean axustados á disposición e captación propias daqueles.

Ó presuposto da bondade natural e a explicación que sobre el consecuentemente se fai do delito –a perversión desa bondade en circunstancias ambientais adversas– xeneralizouse fatalmente a todo tipo de caso, sen estableceren-se un límite entre a violencia aprendida, que explica un homicidio, e a capacidade de odio e crueldade que supera –e non precisa de– aquela influencia ambiental, e que explica os asasinatos alevosos.


Preténdese que a violencia é estrutural, non individual. Eu sostenho que non toda violencia é un problema estrutural, e o sostenho sen a sumisión do home inculco –forzosamente inculco– que acepta o que non entende confiado na “sabiduría” dos lexisladores. Pero, ¿de que sabiduría se trata?

Non son científicos nen filósofos. Son eruditos que non demostran senon a súa decisión decrática de non aceptar as diferencias radicais entre os comportamentos humanos. Non trasfondo disto, a envexa, o sexismo culpabilizador da condición feminina, ou a piedade mal entendida.

Axuda a tese das influencias ex-

ternas –que convence pouco– outra tamen moi recurrida: a orixe patolóxica do delito sexual. Os eruditos apoian-se aquí nunha psiquiatría destinada a facer unha valoración clínica das condutas, non moral. Unha psiquiatría que, por demais, vive anquilosada dende Freud, agardando, quizais, os resultados do trascendental Proxecto Xenoma.

A ecuación entre enfermidade mental e mezquindade é totalmente contraria á evidencia. Mais ben as



persoas con enfermidade psíquica gozan –ou padecen– dunha sensibilidade superior a maioría, contradictoria con esa frialdade que esixe o ensanhamento criminal, a destrución dorosa dunha vida na súa máis fermosa xuventude.

E resulta que o Dereito nasce como esixencia dunha sociedade de seres humanos, e dicir, para cumprir nela un servizo que non é gratuito, un servizo que pagamos coma outros e, coma outros sen beneficiármolo-nos del.

Posiblemente a Xueza* Carmena esqueza na súa liberalidade que a dignidade da muller esta moi por riba da súa erudita e noxenta estulticia, “la violación no es un delito tan grave”. En que baseara tan sabia sentenza?, na experiencia propia ou na allea? Difícilmente en calquera delas. Tampouco unha simple intuición pode orixinar semellante atrófia de todos

sentidos (incluído o sentido común de respecto a un número crecente de mulleres agredidas, de nenas mortas precisamente no espazo –na motivación– dunha “insignificante” agresión sexual culminada). As intuicións prodúcense poucas veces na vida intelectual, e non se explica que unha muller que infravalora a súa propia humillación sexa capaz dun logro así.

Pero os eruditos do Dereito poden expresar-se ofensivamente, visceralmente, sempre terán os seus pronunciamentos, o prestixio do seu cargo. Pola contra, a minha náusea é marxinal e impopular. A minha convicción –na propia e allea experiencia fundada– da gravidade do delito sexual non pode acadar a eficacia da lixereza verbal dunha xueza reconhecida, respetada, e vergonhamente sexista como xa non o é afortunadamente un bon número de homes.

O Código Penal ten agora unha gravísima contradición que resolver: por que reinserción para os violadores e non para os terroristas. Claro que coma non precisa da lóxica para existir, este corpo mal parido de artigos sobrevivirá ás críticas mais consecuentes.

Depende a valoración dos delitos da cantidade numérica e do sexo das vítimas?. Desgraciadamente a vida non é erudición. Non o é unha experiencia traumática. Non o é un crime. A linguaxe non pode expresa-lo todo. A literatura –aínda a mais realista– queda sempre nas portas da realidade. Hai violencias que fican no corpo para sempre, e non existe no dicionario unha só verba que exprese ese sentimento. Nen sequera “náusea”.

Queda en suspenso, como obxecto de discusión interna –no seo do M.F.– un tema implícito nas primeiras liñas deste artigo: a necesidade de replantexarmos-nos novas vías de loita, ou ben: a utilidade efectiva e inmediata do feminismo militante. En suspenso.

* Non é correcto dicir nin escribir “xueza”. “Xueza” procede dun neutro latino e os neutros non admiten feminino nin masculino: son neutros. Dicir “xueza” e tan abusivo como o sería dicir “pianista”.

É POUCO, ACASO, A PRIVACIÓN DE LIBERDADE? (ou de violadores e Código Penal)

Centos de feministas, debatendo o proxecto de Código Penal no que se rebaixan en xeral todas as penas –agás delitos de terrorismo e narcotráfico–, e ao calor da violación e morte dunha rapaza de Valladolid a mans dun presidiario de permiso e de Maruchi en Goiriz, presuntamente a mans dun ex-presidiario, esixiron unha vez e outra «mais penas aos violadores», «Ningun permiso nen rebaixa de condeas» «que cumplan toda a condeas sen posibilidade algunha de redención de pena», ao tempo que criticaron que no anteproxecto de C. Penal se rebaixen as penas para os delitos contra a liberdade sexual.¹

Estas e outras cuestións que saíron á par das declaracións das feministas, (pena de morte, inseguridade cidadán, cadea perpetua, linchamentos), merecen algunha reflexión pola nosa parte.

▼ NANINA SANTOS

¹ No Código Penal vixente as penas por violación –equiparadas ás penas por homicidio– son de 12 anos e un día a 20 anos. No Proxecto de Código Penal, pendente de discusión e aprobación no Parlamento, desaparece a equiparación de violación co homicidio sendo inferior a pena para violación, de 8 a 12 anos de prisión, que a prevista para homicidio, de 10 a 15 anos.

Un primeiro asunto ten de ver co contraditorio que resulta observar as denuncias relativamente sistemáticas das feministas ao Estado e as súas institucións como responsables, as mais das veces, do papel subordinado da muller, da súa discriminación e marxinação, da difusión de mensaxes estereotipados e cosificadores... e a petición de protección que, en situacións así, somellan solicitar da institución xudicial, penitenciaria, do goberno, dos lexisladores.

Esta «petición de protección» parece proceder de que elas pensan ás mulleres, e se pensan a si mesmas, só como vítimas. As mulleres imos ser vítimas de agresións e polo tanto debemos de reclamar acobillo no Estado.

Mal asunto parece-me a min pensar-se e pensar-nos exclusivamente, ou predominantemente, como vítimas. É unha esaxeración e unha desviación da nosa realidade pensar que ise é o noso único papel. Pensando só que os «delinquentes» van

atacar ás mulleres e que vai ser o Estado o que nos vai protexer para que isto non aconteza.

Perante a lexislación –ao igual que na vida– é mala cousa situar-se neste papel.

Interesante será que, non ignorando que en ocasións (e moito máis a eito do que tanta xente sospeita) seremos vítimas de agresións sexuais, nos coloquemos como seres activos perante as leis e busquemos na nosa forza colectiva, na nosa enerxía e reflexión, os xeitos de nos converter en suxeitos capaces de proceder á nosa propia defensa e autodefensa sen fiar do Estado, e moito menos outorgando-lle a él a nosa guarda, custódia e soberanía.

Non me parece un problema menor e para as que temos defendido, e seguemos defendendo, a necesidade de que as mulleres deixemos de ser seres subalternos e dependentes, ben estará que tamén fronte ao Código Penal nos situemos criticamente neste aspeito.

O Código Penal, calquer Código Penal, é represivo, inútil para restaurar a orde social que di protexer xa que actúa cando fallan –ou porque fallan– outros mecanismos sociais de control diferentes dos meramente represivos. Tampouco vale para previr a comisión de delitos, así que non pensemos que se mantén ou restaura a orde social por pedir que se tipifiquen máis delitos, máis penas para algúns delitos, etc.

Por outra parte o dereito penal é o dereito que, por exceléncia, tira protagonismo á vítima. En substitución dela aparece o Estado, os seus funcionarios e os seus organismos actuando, acusando e executando a pena en nome da vítima.

Así que, se ademais de aparecer predominantemente como vítimas, lle estamos pedindo ao Estado que sexa el o protagonista, o noso portavoz na acusación, imos realmente dadas.

En ocasións seremos vítimas pero mesmo así tentemos –e chamemos ás mulleres a que así o fagan– non nos submeter ao Estado e as súas institucións.

Unha segunda contradición ten a ver co discurso sostido no tempo a respecto das violacións e agresións sexuais (froito da consideración social das mulleres, da idea transmitida de moi diversos xeitos e con mil matices de que as mulleres somos obxectos a posuír, que as violacións se producen en todas as idades e condicións sociais, que a maior parte de violadores son coñecidos, ou moi coñecidos das violadas, que se denuncian moi poucas violacións a



respeito das que realmente acontecen, que das que se denuncian menos chegan aos xulgados e, destas, en non moitas ocasións se proba que houbo violación. Mesmo en casos onde a cousa somella clarísima, o violador sae libre...), e a insistencia de que, a violador collido, xulgado e condeado, «que non o deixen saír», «que cumpra toda a condea», «ningunha redención nen permiso», etc.

Contraditório en varios sentidos:

× Primeiramente por que somella que carregamos toda a responsabilidade das violacións nun violador concreto. O violador en cuestión ten a súa parte de responsabilidade pois é axente directo e realizador da agresión. Agora ben, el tamén é froito dunha sociedade que desde todos os poros destila misoxinia por unha parte, e por outra, só é responsábel da violación -ou violacións-

que teña cometido. As feitas por outros centos de violadores non se lle poden imputar a el baixo ningún concepto. A procura de «chivos expiatórios» talvez quera exorcizar os perigos ou a indefensión de tantas mulleres, porén non resolve en absoluto o problema.

× Segundamente, «cumplir toda a condea», por moita que esta fose, deixaría-o en liberdade nalgún momento, e entón, pode voltar producir-se (non necesariamente se vai producir), a fatídica repetición. Esta lóxica non pode levar a máis lugar que á solicitude de cadea perpetua, a que os agresores envellezan e morran no cárcere. É iso o que realmente solicitamos as feministas? Todas as feministas? Algunhas feministas?

A ameaza de penas de prisión máis elevadas para os delitos contra a liberdade sexual, non vai reforzar a seguridade das mulleres, non vai impedir que as agresións ás mesmas se segan producindo, de igual xeito que a existencia de castigos exemplares non «exemplarizan», nen a vixencia da pena de morte existente en tantos Códigos Penais que polo mundo hai, evita a comisión de delitos.

A liña de solicitar a vía represiva resulta discurso fácil pero só leva a auga ao muiño de garrote, fusilamento, etc, para eliminar absolutamente ao agresor. Por outra parte é a demostración práctica de que a estancia no cárcere non vale para o que se pretende (emenda, auto-critica, rehabilitación, reinsertión...) xa que, após longas condeas, algúns agresores teñen repetido os seus actos.²

² Non é cuestión menor a «criación de delinquentes». O Dereito Penal dirixese basicamente a unha poboación marxinalizada de antemán. A estadia no cárcere só fai medrar esta marxinalidade. É constatable que a amplísima maioría da poboación reclusa é reincidente. Loxicamente non pode ser reincidente a xente que cometendo delitos unha e outra vez non é collida. Por outra parte as estimacións da xente que da cos seus osos no cárcere é, aproximadamente, un 10% dos que chegan aos xulgados.

X Terceiramente, se para o conxunto de «delinquentes» o dereito penal establece a posibilidade de redención de pena —e isto somella ser algo bó habida conta de que **a privación de liberdade é o maior castigo que se lle pode impór a unha persoa**— Cal é a razón que nos leva a solicitar que «para os violadores ningunha rebaixa de condea?»

Acaso é o crime mais abominábel? É o peor acto que pode cometer un ser humano?

Centos de vilezas hai en todas partes e os seres humanos concretos damos e deixamos probas a esgalla: torturas, guerras, execucións «legalizadas», crimes —paixoais ou non—, sumir a povos enteiros na miséria, incultura, degradación, xenocidios, condicións de vida e traballo de tantísimas xentes...

Non me parece a min que debamos converter «o que nos pasa ás mulleres polo feito de se-lo», e, en particular os ataques á nosa liberdade sexual, no mais execrábel do mundo.

Non quero tirar ferro nen mordiente ás agresións sexuais (algunhas especialmente espeluznantes). Agora ben, de aí, a considerar que é o único, o máximo, o peor, cando remanecemos caladas diante de tantas e tan graves vilezas e ruindades, parece-me chosquera.

Ao fio destas reflexións é tamén inevitábel facer-nos a pregunta

Son os cárceres lugar indicado para a reparación, arrependimento, expiación, (ou penitencia, autocritica, etc segundo as linguaxes e os grémios) **do mal cometido?**

Ningún espírito un pouco atento pode afirmar tal cousa. As propias instalacións onde todo son carências, o hacinamento, a negación de dereitos humanos básicos dos detidos —e das detidas—, a humillación e degradación á que se

ven submetidos, a corrupción de tantos funcionarios, as máfias que operan con impunidade no seu interior, as diferéncias de asentamento e trato para «presos de luxo» e «delinquentes» e un longo etcétera testemuñan a incapacidade para que en lugares así ningunha das persoas privadas de liberdade, poida ver outra cousa que vinganza e aniquilación, moral e en ocasións, física.

Boa parte do feminismo non se ten deixado atrapar muito na dicotomía vítima-culpábel. Ten espallado un discurso mais orientado a facer ver o conflito que atravesa i envolve ás agresións sexuais (por mais que aínda fica muito por explorar, investigar). O papel subordinado da muller, a negación das mulleres como suxeitos activos tamén no sexual, a excitación e alento ao papel «viril» (no senso de potencia, iniciativa, agresividade).

E de repente, ZAS!, perante unha violación concreta, maioritariamente, somella que esquecemos o conflito e se reduce a cuestión ao socorrido maniqueísmo: «vítima-culpábel», cargando todas as culpas e responsabilidades nun suxeito concreto, deixando de lado o como se modelan as condutas sociais e as individuais, a consideración do concepto de xénero como modelador desas condutas, como nos construímos os seres humanos, como nos socializamos e nos socializan.³

Estamos algo atrapadas ou «Estamos en guerra, pero hai que reflexionar»

Desde o feminismo temos defendido de vello «ningunha violación sen denuncia, ningún violador sen castigo» como xeito de facer entender socialmente a importancia das agresións sexuais, a necesidade de que se consideren delitos, no intento de educar ao conxunto social na reprobación de tais condutas batendo en ideas, por demais espalladas, que atribuen ás mulleres «a culpa de»: «elas o buscan», «ia provocando», «sentada en disposición de ser usada sexualmente»...

Temos, por fortuna, conseguido importantes avances:

X Maioritariamente as violacións, hoxe, merecen repúdio e esto debe-se, en boa medida, á axitación feminista.

A xurisprudencia do Tribunal Supremo (por mais que muitos tribunais e xuíces segan dictando sentencias delirantes e con mais delirantes, aínda, argumentacións), non considera que a muller necesite, en absoluto, demostrar ningunha resistencia heroica. Abonda co seu NON. Mesmo a consideración explícita de que a muller ten todo o dereito a chegar, nunha relación, tan lonxe como queira, unha vez que di NON se se creba ou violenta o seu de-



³ Aquí enlazariamos co interesante tema da non homoxeneidade dos violadores. Non se trata dun colectivo homoxéneo obviamente. Hai «violacións e violacións» aínda que parece unha bobada e desde logo ninguén no seu san xuízo pode afirmar que todas as violacións son iguais e que todos os violadores idem. Algun día haberá que entrar no asunto «das patoloxías». É cuestión complexa por demais e que contribuí a complicar muito mais o conflito.

sexo, existe violación. Tamén a consideración de violacións no seo do matrimonio.

A consideración de delitos contra a liberdade sexual e non «contra a honestidade» expresa, por outra parte, bastante ben os avances producidos.

Así vistas as cousas non somella que o labor básico do feminismo, hoxe, nesta matéria, necesite se abrir paso a cobardos. Mais ben penso que estamos en disposición de axustar e matizar mais e mellor o noso discurso e as nosas propostas e consignas.

As razóns polas que se producen agresións sexuais son múltiples. Paga considerar por outra parte que hai nenas e nenos violados, tamén persoas adultas de ambos sexos e que na comisión de delitos contra a liberdade sexual, tamén hai mulleres responsábeis; que boa parte de violadores teñen sido, a súa vez, violados e humillados na súa infancia...

Necesitamos seguir afondando nestas cuestións para bater nas raíces desta violéncia. Nas sociais e nas intrapsíquicas.

É mais útil para a autoafirmación das mulleres, para a súa afirmación como seres cada vez mais activos e autónomos ese camiño que pór enerxias na petición de mais cárcere, mais condea, e mais delitos consignados no Código Penal.

Xa son conscente que perante unha violación concreta (máxime cando as características da mesma son moi salientábeis) tendemos a deixar-nos arrastar da ira e a raiba. Que falamos de castigo cando en realidade o que agachamos nos nosos corazóns é o desexo de vinganza, porén é preciso que fagamos sitio á reflexión e non perdamos de vista a complexidade do problema.

Fai falta que chamemos ás mulleres a ser activas en todos os te-



renos da vida e, por suposto, diante do Código Penal tamén, e non só, nen primordialmente, como vítimas.

Que promovamos e espallemos a autodefensa, que esixamos reformas no Código Penal mesmo na liña de que se respeten os dereitos humanos da xente que está no cárcere e a que vai ir ao cárcere, que se busquen –e que busquemos colectivamente– medidas alternativas para a expiación da mal cometido,⁴ que se respeten os dereitos da xente que vai ser detida (entre outros a presunción de inocéncia), etc.

Non é labor noso facer ningún Código Penal nen propoñer castigos nen penas. Non debería ser a nosa filosofía esixir que se tipifiquen mais e mais delitos nen defender os cárceres. Sabemos que os hai e que probablemente ten que habelos, pero Da-los por bós!.

Trata-se, mais ben, de que esixamos garantías e respecto das liberdades e dereitos individuais e colectivos –entre outros a liberdade das mulleres de camiñar tranquilas a calquer hora da noite e do día–. De que loitemos por unha sociedade onde riqueza, información, cultura, alimento, habitación, traballo, ocio... estean mellor e mais equitativamente repartidas. Unha sociedade onde os

seres humanos, dun e doutro sexo, depren-damos vivir e con-viver na fraternidade e o mútuo apoio. Onde o respecto ao diverso sexa algo profundo e onde, uns e outras, e sobre todo uns, non tomen o sexo se non llo dan.

E... postas a falar do Proxecto de Código Penal, o que realmente merece crítica de verdade é que non fai ningún esforzo, absolutamente ningún, na procura de alternativas reais á privación de liberdade. Con ela, que segue sendo

a pena reina⁵, pretenden que se resolven os lios, agachando moitas das verdadeiras razóns que levan á comisión dos delitos. ▀

⁴ Neste senso o Proxecto de Código Penal é absolutamente conservador. Nada que se salga da liña represiva. Nen siquer medidas que se levan poñendo en práctica en diversos países europeos. Hai pouco, os xornais galegos daban conta dunha presa de reclusos holandeses que cumprían condea facendo O Camiño de Santiago como xeito concreto de rehabilitación.

Por outra parte o clamor relativamente xeralizado entre bastantes feministas de que o Proxecto de Código ao rebaixar as penas por violación vai permitir que os violadores saian do cárcere antes, non é así.

Desaparece a redención de penas polo traballo co que o tempo de estância en prisión, de feito, vai-se alongar

⁵ A min resulta-me moi sorprendente que tanta xente desconsidere esta cuestión cando pide mais penas, mais castigo, mais condea. Talvez lle parece asunto menor a privación de liberdade? Mesmo a privación da mesma por uns 4 ou 6 meses?

Só quen teña experimentado tal castigo, por pouco tempo que fora, pode transmitir-nos o drama persoal e familiar que tal cousa supón. A literatura, o cine, a fotografía, a pintura teñen exemplos nos que podemos mirar. A realidade, tamén.

REFLEXIÓN

acerca dos permisos carcerarios dentro do marco dun Estado de dereito

ISABEL CASTILLO

Como consecuencia de recentes acontecementos luctuosos protagonizados por presos que gozaban de beneficios da réximen penitenciaria, diversos medios de comunicación e organizacións sociais e sindicais verteron informacións e manifestacións tremendistas e sensacionalistas conducentes a fomentar a vinganza privada e a mobilizar ás multitudes en reivindicación de linchamentos, creando deste xeito un sentimento de vinganza colectiva imprimida da esixencia da súa institucionalización.

Sendo certo que os sucesos acontecidos en Villalón e Villalba causaron por si mesmos un fondo pesar na opinión pública, o tratamento que deles fixeron boa parte da prensa da falada e escrita logrou non só que cundira o pánico e creara terror senon deformar absolutamente o significado e a necesidade do fin mesmo da pena que non é outro que a reeducación e a reinserción social do penado.

O art. 25-2 da Constitución dí expresamente que as penas privativas de liberdade e as medidas de seguridade estarán encamiñadas á reeducación e reinserción social e non poderán consistir en traballos forzados. Que o condeado á pena de



prisión que estea cumprindo-a gozará dos dereitos fundamentais do Capítulo segundo do Título I da Constitución exceptuando-se os que se vexan expresamente limitados polo contenido do fallo condenatorio, o sentido da pena e a lei penitenciaria. Que en todo caso terá dereito a un traballo remunerado e aos beneficios correspondentes da Seguridade Social, así como acceso á cultura e ao desenvolvemento integral da súa personalidade.

Este logro constitucional é outra das consecuencias da luta no Estado Español en pro das liberdades públicas, e foi reforzado no ano 1981 coa creación da figura do Xuíz de Vixilancia Penitenciaria revestido da competencia xurisdiccional para a execución das condeas de privación de liberdade en substitución da Administración do Estado. Deste xeito trataba-se de evitar que a Administración puidera variar o sentido do fallo condenatorio, vulnerando o

principio de legalidade da pena e cercenando as garantías dos dereitos que asisten ao penado como ser humano que é.

Conseguidos estes importantes avances sociais, ocorren dous feitos delictivos aillados : as violacións e asasinatos de dúas nenas a mans de dous individuos que viñan gozando de beneficios penitenciarios. No primeiro dos casos o autor non tiña antecedentes por delitos contra a liberdade sexual; oito meses antes o Xuíz de Vixilancia tiña-o clasificado en terceiro grao, e polo tanto, xa pasan a ser as institucións peniten-

"... o tratamento que deles fixeron boa parte da prensa falada e escrita logrou non só que cundira o pánico e creara terror

senon deformar absolutamente o significado e a necesidade do fin mesmo da pena..."



ciárias as competentes para conceder-lle os beneficios legalmente previstos, como así efectivamente se fixo. Sen embargo, ocorrido o crime, crea-se unha opinión pública xeralizada de inseguridade, pola única razón de que o criminal gozaba dun permiso carcerário. Esixe-se, pois, un culpábel e os nosos gobernantes buscan-no para apresentatione ao povo. O ministro de Xusticia dí: Aí o tendes, é o Xuíz de Vixilancia Penitenciária que hai oito meses o calificou en grao terceiro. Con este dis-

curso crea-se un clima de opinión tremendista onde xa existe un caldo de cultivo favorábel, tan favorábel que incluso sorprendentemente outras organizacións de carácter marcadamente social reciben e utilizan tan deleznábel mensaxe e son secundadas pola prensa para reforzamento de reaccionários posicionamentos. O mesmo produce-se despois do segundo suceso luctuoso.

Cando chega o momento propicio para pór en tea de xuízo o sistema actual de privación de liberdade e

para conxionalo coa súa principal finalidade, isto é, a reinserción, ou dito de outra maneira, o intento de normalización da conducta do penado, ocorre que desde todas as instancias poñen-se de acordo en adoptar posturas absolutamente reaccionárias, e fomentar e propiciar o desequilibrio democrático e do estado de dereito.

Poucas voces se escoitaron que explicaran a fortitude dos feitos e a súa absoluta falta de coxión cos beneficios de que disfrutaban os protagonistas; e ninguén as quixo ouvir porque a procedencia parecía revestilas de algún interese exculpatório, aínda

que outrora esas mesmas voces foron calificadas como independentes e librepensantes. Algúns medios de comunicación ignoraron-nas e outros menos benévolos criticaron-nas con dureza. Nengún analizou a situación na súa xusta medida. Todos contribuíron á retrocesión da conciencia social. Que se está fragando?

Isabel Castillo
Avogada

O SGPIHÓM

Falta de miras

O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e a Muller ven de editar un estudo «Agresións sexuais e violencia doméstica contra as mulleres en Galicia: Período 1988-1992» que recibimos ao feche da edición deste número. Tempo teremos de dar conta del polo miúdo en próximas edicións.

Ao tempo organizou catro mesas redondas en Santiago, Lugo, Ourense e Vigo sobre o mesmo tema onde todos os participantes-ponentes eran homes agás unha fiscal na mesa redonda de Lugo.

A presenza de fiscais, maxistrados, comisarios e xerarquias da Guardia Civil orientaron os debates exclusivamente no aspecto legal: denuncias apresentadas, perfís dos agresores e das denunciadas, Código Penal e aplicación do mesmo...

Nen no estudo nen nas mesas redondas se entra á consideración do por que desta violencia. En que sedimento cultural, sociolóxico e político vivemos e como é que tantos homes mallan fisicamente e maltratan ás súas propias esposas ás que polo demais fan saber que os une unha relación amorosa.

Por que tantos homes violan e agreden sexualmente, maiormente a mulleres coñecidas e menormente a mulleres descoñecidas.

Se realmente se quere bater no dramático problema, é imprescindible ir na procura das raíces e por

médios para conseguir á súa eliminación.

Abordar o problema na súa verdadeira dimensión tería que ter levado ao SGPIHÓM a introducir estas e outras reflexións no estudo e a convidar ás mesas a xentes e colectivos –muitas mulleres e organizacións feministas levan traballando esta cuestión desde hai anos– que introducirán esta perspectiva.

Non ten sido así e non o foi porque o tal servizo ten falta de miras como aquí se ten evidenciado.

Pensa, talvez, que as mulleres nos sentiremos máis protexidas contra esta violencia con leis, comisarias, cárceres, xulgados, fiscais e maxistrados?



Agresións sexuais e violencia doméstica contra as mulleres en Galicia: Período 1988-1992

Non é por aí por onde van os tiros.

Hai que abordar colectivamente –e ás institucións é o que lles toca– as relacións que na nosa sociedade se establecen entre os sexos. As reais, as da vida.

Como os homes se ven a eles mesmos, como ven ás mulleres, como as mulleres ven aos homes e como se ven a si mesmas.

A prepotencia masculina, a consideración das mulleres como seres non valiosos, os sentimentos de inferioridade de tantísimas mulleres, as relacións de poder e xerarquía tecidos ao longo de centos de anos, a protección legal e social da «familia complementaria» como unidade básica onde os homes desenvolven unhas tarefas, responsabilidades e iniciativas e as mulleres son as «raíñas do fogar». A idea de que as mulleres dicemos non cando queremos si, que os nosos desexos, afirmacións e negacións non valen nada, etc, etc.

Que é o que se transmite nas escolas e en todo o aparello escolar, que desde os medios de comunicación, que desde as relixións que contan con máis adeptos e adeptas, que desde os organismos da administración, que desde a institución xudicial e policial...

Nada, de todo isto, nada.

E haberá quen pense que moi ben, que o que se trata é de facer cousas, de ir empezando, de dar tempo ao tempo.


E non. Trata-se, mais ben, de saber que cousas facer e para que facer as cousas. Chove sobre mollado, e como para nada se tivo en conta cantidade de traballo e calidade de traballo que sobre este asunto veñen realizando diversas organizacións feministas e asesorías xurídicas para mulleres que teñen bastante a dicir, e como ademais para un público eminentemente feminino se senta a falar a homes e cáseque nada mais que a homes, e como non se quere entrar nas raíces da violencia machista e ademais se evita cuidadosamente chamar ás cousas polo seu nome e ademais... non se lle discute a un comisario —o de Santiago— que confunde casos denunciados cos casos reais [as estimacións mais optimistas din que se denunciaban aproximadamente un 10% dos que se sofren, e as mais pesimistas din que non chegan a un 1%], e que a violencia sobre as mulleres é cuestión das capas mais baixas da sociedade que carecen de cultura e están dominados polos instintos mais animais (sic) [como se entre os animais non racionais houbera violación, como se non houbera violacións e palizas domésticas da man de profesionais diversos, altos cargos da política, membros dos corpos de seguridade do Estado...] e, á pregunta de se teñen considerado que eles, boa parte dos membros destas institucións, son varóns e teñen ideas como seres pertencentes ao xénero masculino mais ou menos preconceituadas sobre as mulleres e poñen algún medio para, consideran-se todos «reciclados» (un fiscal porque xa ten unha muller e dúas fillas, o da Guardia Civil porque recibiron instrucións, o comisario porque seguro que nunca se lle ocorreu pensar tal propiedade...).

En fin, todo un retrato do que quere e pode facer o SGPIHÓM.

Menos mal que o Sr. Gil Sotres non pudo acudir á inauguración. Un conselleiro sobre o que pende a sospeita de acoso sexual inaugurando un debate sobre «Violencia contra as mulleres»!

Que conste que a min me gustaría que tiveran feito outra cousa!

LOLA



Unha nova opción para as mulleres

A tan esperada RU 486 non está sendo comercializada dentro do Estado español por máis que sería unha solución satisfactoria ó aborto das primeiras semanas de embarazo. Alomenos sería unha opción máis para a interrupción voluntaria do embarazo non desexado.

«O PSOE e o PP opóñense a que en España se comercialice a píldora abortiva RU 586».

«Os Colexios Médicos opostos á súa entrada en España».

«A píldora abortiva cada vez máis extendida nos países europeos».

«Científicos franceses, ingleses, norteamericanos, españois... satisfeitos coa marxe de eficacia e de seguridade deste fármaco».

Estes son algúns titulares da prensa diaria. Pero...

¿Quen e como pode utilizarse?

En Francia, desde hai algúns anos está ó alcance de tódalas mulleres que a soliciten e se axusten ó establecido pola lei.

É eficaz no 95,3% dos casos sempre que se teña un embarazo de menos de 49 días de amenorrea, é dicir, menos de 7 semanas desde a última menstruación, ou sexa, 5 semanas de embarazo, ou o que é igual, 3 semanas de retraso.

Ó notar o retraso (en calquera día dentro desas 3 semanas), tómanse tres comprimidos de 600 mg. A maioría das mulleres empezan a sangrar ó día seguinte. Coarenta e oito horas despois da toma da píldora abortiva, adminístrase unha pequena dose de prostaglandina que provocará contraccións no útero e a total expulsión na maioría dos casos.

En Francia as pastillas non se venden en farmacias, tómanse na clínica ou ambulatorio e a muller volve ó día seguinte para poñerse a inxección de prostaglandina. Fica no ambulatorio durante 4 horas, no curso das que á maioría das mulleres (75%) lles aparece a hemorraxia; ó resto, durante as 24 horas seguintes.

O sangrado é algo máis abundante ca unha regra normal, tamén un pouco máis longo (ata 9 días) por efecto da prostaglandina.

¿E se falla? Só o 4,7% das mulleres que tomaron a RU + prostaglandina non puideron evacuar totalmente, e nese caso en Francia practícase o aborto por aspiración (método Karman).

Os efectos secundarios: a percepción de dor é subxectiva e, polo tanto, variable dunhas mulleres a outras. Pódense considerar como dores dunha regra. Só o 15% das usuarias francesas tomaron algún calmante.

Náuseas, vómitos, desagradables pero non importantes senten algunhas mulleres. Pode facer subir unhas décimas a temperatura.

Esta contraindicado o uso da RU 486 nos seguintes casos:

✗ Sospeita de embarazo extrauterino.

✗ Insuficiencia suprarrenal.

✗ Con tratamento de corticoides, consultar ó médico.

✗ Problemas de hemostasia (dificultade para coagular) ou en tratamento con anticoagulantes.

Mentres non se estudien os efectos non é aconsellable con insuficiencia hepática e diabetes con tratamento insulínico.

Pero ¿que é e como funciona?

A RU 486 é unha hormona sintética de similares características á pro-

xesterona. A proxesterona é unha hormona presente en pequenas cantidades no organismo humano. Cando un óvulo é fecundado, a hipófise (directora xeral das hormonas) manda producir grandes doses de proxesterona que actúa sobre as paredes do útero ou matriz, preparándoo para recibir o ovo fecundado e continuar o embarazo.

Sen esa superproducción de proxesterona o óvulo non se pode implantar. Se xa estaba implantado non se pode manter e despréndese.



Pois ben, se unha muller nota atraso na regra e toma a RU, esas hormonas sintéticas van dereitiñas a ocupar o lugar dos receptores onde terá que actuar a proxesterona. É dicir, as hormonas sintéticas desprazan ás hormonas do embarazo deixándoas «no desemprego».

A RU 486 non impide a produción hormonal de proxesterona: neutraliza os seus efectos. Por iso en medios médicos é chamada a «antihormona». Non é, pois, un medicamento anticonceptivo, senón contraxestivo ou abortivo.

O produto metabolízase moi rapidamente e é eliminado do organismo nun par de días.

Nestes momentos non parece presentar riscos a longo prazo para a saúde. A pesar diso convén ter en conta que é un produto con pouco tempo de historia. Si que está bas-

tante comprobado que non impide embarazos posteriores, nin ten repercusións na fecundidade futura.

Vantaxes da pildora abortiva:

✗ A muller non ten que someterse a intervencións clínicas ou cirúrxicas. Non ten que pasar por hospitais.

✗ Non precisa ningún tipo de anestesia. Por tanto non ofrece as complicacións asociadas á anestesia.

✗ Interromper un embarazo non desexado tan pronto como se coñece a súa existencia evitando a angustiada espera ata poder acceder a unha intervención.

✗ Unha maior responsabilidade da muller nesa interrupción do embarazo, é dicir, non depender tanto dun equipo médico sanitario.

✗ O baixo custo da RU 486 Prostaglandinas.

✗ A súa grande eficacia (95,3%) no aborto das primeiras semanas. Tendo en

conta que a aspiración ou o legrado non é eficaz ata despois das seis semanas de xestación e é máis recomendable, máis seguro, a partir da oitava semana.

Son datos que concordan cos que se desprenden da experimentación realizada en tres hospitais do Estado español, e que avalan suficientemente a necesidade da súa comercialización e posta en vigor na rede sanitaria pública.

Que non se teña comercializado xa só se explica pola existencia de intereses económicos egoístas, de casta, de integrismo relixioso, hipocresía política, etc..., dos que impiden a comercialización dun medicamento hoxe en día máis inocuo cós propios anticonceptivos orais. ▀

Tirado da revista *Hinojo y Perejil*
Marzo, 1992

RECUPERAR A MEMORIA

Tres galegas para a história musical do país

▼ AURORA MARCO

PILAR CASTILLO:

**forza, técnica, virtuosismo e
musicalidade**

Así definía o crítico Synave en *Le Monde Musical* a arte de Pilar Castillo Monte. Nacida na Coruña en 1893, dedicouse desde mui nova à música. Neta dun compositor ilustre, o célebre Montes, o seu extraordinario talento artístico causou verdadeiro asombro e foi obxecto de eloxiosas críticas en reseñas de xornais galegos e non galegos. Ademais de xenial pianista, tocaba moi ben o violino. Aos 19 anos era xa coñecida nos ambientes musicais. Dos seus concertos fixeron-se eco *Mi tierra, Vida Gallega, Blanco y Negro, Por esos Mundos, Nuevo Mundo, El Correo, La Época, Heraldo de Ma-*



drid, Feminal. Os críticos valoraban o que consideraban o auténtico «tour de force» das súas actuacións: interpretacións que entrañaban grande dificultade que ela, sen embargo, executaba con pasmosa facilidade. Un dos seus concertos máis sonados tivo lugar no Ateneo de Madrid en 1912 onde interpretou oito obras de Liszt, algunhas mui dificultosas, comenzando polo prelúdio e fuga en *mi menor* e acabando coa obertura de Tannhäuser de Wagner-Liszt. Mui celebrado foi tamén un concerto en Niza, que provocou a crítica laudatoria a que facemos referencia ao comezo: Liszt, Beethoven,

Desde a antigüidade a muller sempre apareceu asociada á música pois os que trataron de materializar a beleza desta arte personificaron-na en mulleres «fermosas, puras e sinxelas», as nove Musas que representaron as artes e as ciencias e especialmente a música. Até tal punto se asociaban Muller-Música que chegou a falar-se, inclusive, da influencia desta nos costumes, na alma da muller. Conta-se que Clitemnestra non faltou aos seus «deveres» de esposa mentres tivo ao seu lado un músico dório que lle deixou o seu home ao partir para a guerra de Troia, e este músico sostíña-a na «castidade» coa dozura dos seus cantos. En Roma as mulleres eran cantatrices e instrumentistas en festas públicas e privadas. Por outra parte, a muller sempre foi motivo de inspiración de xograres, trovadores, músicos que cantaban nas festas pacesas.

En tempos máis recentes, cando a muller tivo acceso à educación, a música constituía unha das materias do currículo da denominada «educación de adorno», xunto ao debuxo e idiomas.

Mas deixemos a un lado todas estas asociacións, provocadas polos estereotipos de sempre porque o obxecto deste artigo é a lembranza de tres galegas que, a comezos de século, salientaban polas súas actividades musicais e que, sen embargo, están inxustamente esquecidas, como acontece con outras mulleres en outros campos profesionais: a escrita, a medicina, a socioloxía, a pedagogía, o xornalismo... Tamén na música, polo que se ve, son os varóns os protagonistas da historia, da historia musical neste caso. Grandes músicos e compositores enchen as páxinas dos manuais. Son «os deuses da música».

Schumann, unha «Gavota» de Glück-Brahms, un «Scherzo» de Chopin, a «Triana» de Albeniz, a obertura de Tannhäuser...

Pilar Castillo foi tamén autora de melodías galegas e compuxo unha muiñeira intitulada «Maruxiña» que leva letra do poeta bergantiñán Eduardo Pondal.

Infelizmente estes son os únicos dados que posuímos da súa vida e obra, fornecidos por un artigo do poeta coruñés Jenaro Mariñas González e que hoxe queremos recuperar para a memoria perdida das mulleres, que agardamos ver completada algun día. ▲

MARIA LUISA SANJURJO OZA:

intelixencia e bon facer

Baixo o título de «Artistas Gallegas» a revista *Ilustración Gallega* facía a semblanza de outra pianista e compositora, a viguesa Maria Luísa Sanjurjo, que aos seus 17 anos gozaba xa dunha sona ben merecida. Nacida en 1896, sentiu desde mui nova unha grande paixón pola música. Aluna oficial do Conservatorio Nacional de Madrid, e discípula de José Tragó, acabou a carreira con brillante expediente e obtivo no concurso de 1913 o primeiro premio. Cursou harmonía con Valentín de Arin e clase de acompañamento con Felipe Espinó. Nos seus concertos en Madrid era mui aplaudida. En 1913, o 21 de xuño, foi recibida pola Infanta Isabel para a que interpretou difíceis composicións, sendo mui felicitada, segundo refere a crónica de *El Liberal* que recolle a revista da cidade olívica.

Maria Luísa Sanjurjo é autora dunha gallegada para piano, arraxada tamén para banda que deu a coñecer en Vigo. Intitula-se «Miña Terra», unha lembranza que a compositora dedica a cantar as glórias e melancolías da súa terra, cando está lonxe dela. A Asociación Académica de Escritores Galegos Laureados outorgoulle o título de sócia de honra.

Unha figura importante que pasa a engrosar ese volume inexistente de tantas mulleres galegas descoñecidas. A persoa responsable do artigo, que non asina, non se resiste a completar o perfil da compositora sen aludir ao seu «conxunto estético» que acompaña, segundo di, às raras dotes da súa intelixencia. Nós tampouco nos resistimos a reproducir textualmente este parágrafo: «... Ten unha preciosa figura e os seus 17 anos están adornados pola candorosa expresión do seu semblante. Todo nela é delicioso ¡Que



expresión na súa mirada" ¡que inocencia tan encantadora" Airosa, elegante, o seu rosto ten os suaves perfis das Vénus de Fídias; o seu van é flexible como o bambu de América; os

seus ollos firen como a luz do lóstrego e matan como o fogo do mesmo raio e nos seus lábios resplandece o sorriso que deven ter os anxos... A súa desenvoltura e ese sprit don do ceo... envolven-na nunha auréola celestial: encanta a súa sinxeleza, embeleza o seu engado».

¡Mádia leva! ¡Tamén por aqueles anos andaba o demo aburrido! ▲

EMILIA QUINTERO CALÉ:

xusteza na interpretación

Filla da escritora Emília Calé e de Lorenzo Quintero, Emília Quintero Calé foi escritora e pianista. Das súas colaboracións en *El Correo de la Moda* (entre os anos 1876-78), *Cádiz*, *El Museo de Málaga* e en xornais galegos temos noticia polo Catálogo de escritoras de Martín de la Cámara e García Rives. Fixo versións do italiano e do francés. En certames convocados polo Liceo Brigantino do Ferrol (1881) foron premiados os seus méritos como pianista. Pero, como as anteriores, tamén tivo sonados éxitos en Madrid. Hai, por exemplo, constancia escrita dun recital celebrado no Ritz en que o autor da reseña califica a Emília Calé como unha pianista de primeiro rango polo programa elixido e a xusteza que dominou a súa interpretación: a sonata «Appassionata» de Beethoven, as Rapsodias de Liszt, as «Sevillanas» de Albéniz... Unha pianista de excelentes cualidades, insiste, refrendadas polo aplauso unánime do público.

Non é doado achar información destas tres pianistas galegas. Conformamó-nos, polo de agora, con deixar constancia da súa existencia e do seu temperamento artístico. ▲

Vindicación dos dereitos da muller

200 ANOS dun libro pioneiro:



ostureira, profesora, neneira, escritora... Mary Wolstonecraft nasceu na Inglaterra de 1759, un 27 de Abril.

A biografía de Mary amosa-nos a unha muller de vida azarosa e inusual naquel tempo. Intrépida, ardorosa e apaixonada, conservará de por vida un grande senso crítico sobre da institución familiar e unha vontade decidida de loita contra a servidume e tiranía da que eran obxecto as mulleres, así como unha simpatía sempre demostrada aos que formaban nas barricadas dos oprimidos.

Após a publicación do libro «Cartas dun burgués de Newhaven» de Condorcet –decidido partidario da igualdade dos sexos–, o círculo de liberais e radicais no que se move Mary (Johnson, Paine, W. Blake, Godwin...) animan-na a escribir un libro específico do tema que ela viña abordando en artigos en *The Analytical Review*.

Redactou-no en seis semanas e Johnson publica-o en 1792: *A Vindication of the Rights of Woman*.¹

O apaixonamento, a precipitación, a repetición de moitas idéas, ou o estilo polemista –denotadamente coas idéas de J.J. Rousseau– e algo pesado en ocasións, non lle tiran mérito.

Ela própria na introdución á primeira edición fala así do estilo:

«... Exaltada por este problema tan importante, refugo elixir as palabras ou polir o meu estilo; tento acadar a eficacia, e a sinceridade hame evitar toda afectación, xa que desexo moito máis persuadir pola forza dos meus argumentos que deslumbrar pola elegancia da miña linguaxe, non penso perder o meu tempo en dar un fermoso xiro ás miñas frases ou en practicar a ampulosa grandilocuencia dos sentimentos artificiais, que se fan coa cabeza pero endexamais chegan ao co-

razón. Estas son as cousas que me preocupan, non as palabras. Posto que o que máis desexo é que as persoas do meu mesmo sexo sexan os membros máis respetábeis da sociedade, tentarei evitar esta prosa frofida que ten pasado dos ensaios ás novelas e das novelas ás cartas e conversas familiares. Estes maravillosos superlativos que afloran negligentemente dos beizos vician o gosto e crian unha sorte de delicadeza enfermiza que nos arreda da verdade simples e espida;...» (33)

O entusiasmo na defensa do progreso da civilización –tese que se abre paso no século XVIII–; na perfectibilidade do ser humano; a insistencia en que as mulleres pertencen á especie humana e deben, polo mesmo, ter acceso á idéntica educación e aos mesmos dereitos políticos e civís, posibilitando a igualdade de oportunidades para ambos sexos; a necesidade de cambiar estruturas sociais para o ben común, son idéas que hoxe en nada resultan novidosas; porén naquel entón eran moi revolucionarias e chocaban frontalmente cos convencionalismos existentes e as idéas arraizadas sobre os papeis a desenvolver por homes e mulleres.

Desde o comezo, dispón-se a «atacar coa Razón a cidadela do costume» (39).

O cadro que pinta da situación das mulleres inglesas de finais do XVIII é de excepción: unha educación que as prepara para a submisión: o ensino da mentira, o engano e o disimulo sob unha aparencia hipócrita de virtude e castidade, fechando-as en frívolas e estúpidas ocupacións domésticas. Mesmo ousou calificar o matrimonio coma prostitución legal.

A denuncia directa dos prexuízos sociais que as manteñen submetidas, dos esforzos por orientar a súa

¹ Estas citas están traducidas de *Vindication de los Derechos de la Mujer*. Tribuna Feminista, Ed. Debate. Madrid, 1977. Traducido da edición inglesa de 1974.

² A oito afirma-se que foi o primeiro libro feminista de autoría feminina en sentido moderno. Non penso que se poida pasar por alto a Christine de Pisan que no cabo do século XIV e comezos do XV afía a súa pluma contra Jean de Meun e a súa obra *Roman de la rose* en *La Cité des Dames* e o *Livre des trois vertus* onde expón as súas doutrinas sobre a desigualdade dos sexos e o trato que os homes dan as mulleres.

³ Mary Godwin casou en 1816 co poeta inglés Shelley e co nome de Mary Shelley publicou en 1817 a famosa novela *Frankenstein*.

enerxía e actividade exclusivamente á sedución, á gabanza e a beleza física co propósito de conquistar aos homes, en troques de se dirixir á súa cabeza –e non ao seu corazón– templando o seu espírito nas virtudes que afortalan o carácter e ensinan a afrontar con independencia os reveses da vida, aparecen no libro, unha e outra vegada con vigor.

É o primeiro libro coñecido en lingua inglesa que de pluma de muller ergue o berro en defensa do sexo vilipendiado e anticipa, nunha tarefa inaudita e ousada, que as mulleres debemos coller nas nosas propias mans o noso destino.²

Con esta obra e coa súa autora todas as mulleres temos unha déveda de gratitude. Gratitude que se pode expresar coa lectura e coñecemento, da súa vida, o seu pensamento e as súas obras no tempo no que estas se desenvolveron.

O coñecemento, tamén, da homenaxe que Godwin, líder dos radicais ingleses co que casou, lle dispensou publicando as súas Memorias onde fala dela con respecto, cariño e admiración e do retrato que Mary, a súa filla nos fixo dela.³

«M.W. era un deseseres que aparecen talvez só unha vez en cada xeración e que ofrecen á humanidade un resplandor ao que non pode substraer-se ningunha diverxencia de opinión. O seu xénio era inegábel. Fora educada na escola da adversidade e, coñecendo os sufrimentos dos pobres e os oprimidos, alimentou na súa alma o ardente desexo de aminguar tais sufrimentos. A súa sólida intelixencia, o seu carácter intrépido, a súa sensibilidade e a súa viva simpatía impregnaron todos os seus escritos dunha grande forza e verdade.»



MARIA VAI

«... o seu carácter forma-se no molde da estupidez durante ese tempo no que aprenden a arte de agradar, único talento que están autorizadas a adquirir segundo a súa situación social.» (118);

«Excítan-se os seus sentidos e descuidáse o seu espírito» (117);

«... e só se aguarda delas as virtudes negativas (se é que mesmo se chega a agardar delas algunha virtude) tales como a paciencia, a docilidade, o bo humor e a complacencia, virtudes todas elas incompatíbeis cun exercicio intelectual vigoroso.» (113);

«Herdeiras por liña directa do trono da beleza tiveron que renunciar aos seus dereitos naturais (...) elixiron este reinado efímero antes que se esforzar en obter as sóbrias satisfaccións da igualdade.» (108);

«O home interpón-se entre ela e a razón; sempre se representa á muller como criada para ver as cousas através dun intermediario ao que debe prestar a súa total confianza» (105);

«... ten-se organizado o comportamento da muller segundo un sistema artificial que despoxa ás mulleres da súa dignidade e que as sitúa, sexan loiras ou pretas, entre as froles sorrintes, cuxa única función é adornar a terra. Está ten sido sempre a linguaxe dos homes e até as mulleres chegaron aceptar este punto de vista por temor a verse consideradas demasiado sexuais.» (105);


«O amor ten ocupado no seu corazón o lugar de calquera nóbél paixón e a súa única ambición é ser belas, facer brotar a emoción en troques de inspirar respecto; e este desexo infame, ao igual que o servilismo nas monarquías absolutas, destrúe nelas toda a forza do carácter. A liberdade é a nai da virtude...» (78);

«...pero pode adoptar outro aspecto [a dózura] cando o que representa é un estado de submisión e dependencia, cualidade propia dun ser feble que ama porque precisa protección e que é quen de suporta-lo todo e padecer en silencio os insultos, sorrindo diante do látigo ao que non se atreve a afrontar-se. Por inóbel que nos pareza este cadro, non é outra cousa que o retrato dunha muller feita e dereita, segundo a idéa que temos recibido da perfección feminina que algúns autores distinguen malevolamente da perfección humana. (...) Certamente, recomendar de maneira xeral a docilidade é pura astúcia» (73);

«Ainda a risco de ser tilhada de arrogante, debo declarar algo do que estou firmemente convencida: Que todos os escritores que teñen falado da educación e dos costumes femininos, desde Rousseau até o doctor Gregory, todos contribuíron a facer delas os seres máis febles e máis artificiais que existen, e facelas, por conseguinte, menos úteis á sociedade» (54);

«Pero tanto Rousseau como a meirande parte dos escritores do sexo masculino que seguiron as súas pegadas, esixiron con veemencia que toda educación feminina se orientara face o seu único obxectivo: facer das mulleres obxectos de lecer.» (63);

«... ou se son ambiciosas [as mulleres] han gobernar aos seus tiranos con trucos sinistros, porque sen dereitos non se lles poden incumbir deberes. As leis que se refiren á muller, que discutirei mais adiante, forman unha unidade absurda dun home coa súa muller; e entón, pola sinxela transición de consideralo a el unicamente responsable, reduce-setle a un cero á esquerda» (216).



**Muller,
que ninguén
pise
os teus
dereitos**



Concello de Vigo

CONCELLERIA DA MULLER



CASA DA MULLER

Centro Municipal de Información e Asesoramento dos Dereitos da Muller

Pintor Lugrís, 5. Telf. 29 39 63.

36211 VIGO.

Casa refuxio para mulleres maltratadas

Nela poderás permanecer xunto cos teus fillos/as se tes sufrido agresións pola persoa coa que convivías e non tes onde ir.

Mentras dure a estancia poderás aclarala túa situación.

**Informate e asesorate no Centro
Municipal de Información e
Asesoramento dos Dereitos da
Muller**



29.39.63

A mulher estrangeira nos inícios do s. XX.

Umha visom de Carmen de Burgos Segui

HELENA M^a ALVAREDO SERRANO

1. Duas palavras sobre a autora

Antes de começar, cremo-nos no dever de informar a leitora ou leitor deste artigo de que, com efeito, quando dizemos duas é porque pensamos cumprir a promessa, já que Dona Carmen de Burgos nom precisa demasiada apresentação sobretudo para todos aqueles que conheçam um pouco a panorámica literária do século XIX e princípios do XX, época na qual sobressaiu a Sra. de Burgos nom só como destacada feminista, mas também como escritora e interessante jornalista com inumeráveis artigos e livros publicados.

Carmen de Burgos foi sem dúvida umha mulher adiantada ao seu tempo que se fijo a si mesma no meio de nom poucas dificuldades. Nascida em Rodalquilar (Almería), casou mui nova com o filho do proprietário da imprensa que realizava o diário desta capital, o que lhe permitiu familiarizar-se co meios informativos com os que máis tarde tanto colaboraria asiduamente. A morte do seu segundo filho, decide divorciar-se do seu marido e marcha a Madrid com a sua primeira filha. Ali estuda e trabalha ao mesmo tempo,



logrando tempo despois, o título de Mestras e umha praça na Escola Normal de Guadalajara, passando logo a Madrid à Escola de Xordosmudos e Cegos.

Contodo para descrever esta difícil e laboriosa época da sua vida, nada como o testemunho de D. Ramón Gómez de la Serna, que conviveu com ela vários anos e que frequentava as reuniões da sua casa.

«Carmen vino a Madrid a rehacer su vida, sin recursos, con su hija en

brazos, como esas pobres de mantón con su hijo palpitante bajo el mantón en una pieza de ellas y del niño, del niño que es un leve y elevado bulto que remata enaltecedoramente la estatua de la madre, y que parece como ese niño empotrado en la piedra, consubstancial y ahondado en ella de Nuestra Señora de la Almudena. Carmen, con su sombrerito triste y con su hija siempre en brazos, hizo sus estudios de maestra superior, ganó sus oposiciones a Normales entreverando todo esto con artículos en todos lados y hasta escribiendo fajas en casa de una modista que tenia un periódico de modas. Carmen entonces era Carmen de Burgos y para dar variedad a su nombre empleaba seudónimos ingenuos y románticos de "Raquel", "Honorine", "Marianela". Apenada, nerviosa, fatigada, escribía para vivir, hasta que por fin fue la primera "Redactora" de periódico»¹.

E com efeito, o seu labor jornalístico foi ingente: colaborou em *La Correspondencia de España*, *El País*, *ABC* e

¹ Simón Palmer, M^a del Carmen. *Manual biobibliográfico de escritoras españolas del siglo XX*, Ed. Castalia, Madrid 1991.



no *El Eco de Santiago* entre outros muitos, e foi redactora em *El Heraldo* y el *Nuevo Heraldo* de Madrid. Como já dixo Gómez de la Serna, acostumava utilizar pseudónimos e além dos já visto podemos acrescentar "Duquesa Laureana", "Gabriel Luisa", "Condesa de C" e por indicação do grande jornalista Augusto Figueroa "Colombine".

A magnitude da obra publicada pola nossa autora, mostra às claras que foi sem dúvida umha afervorada feminsita, com títulos como *La mujer en España*, *El divorcio en España*, *La mujer moderna y sus derechos* e múltiplas conferências sobre temas relacionados com os direitos da mulher; à vez a Sra. de Burgos nom desdenhava outros assuntos que se bem podem considerar-se mais «frívolos», nom por isso deviam cair no esquecimento. Com efeito a nossa autora cria firmemente que umha mulher moderna e educada tinha que preocupar-se polo seu aspecto externo, e assim mesmo saber levar como umha perfeita administradora o seu lar, daí títulos como *Moderno tratado de labores*, *La mujer en el hogar*. *Guía de la buena dueña de la casa*, *Salud y Belleza*. *Secretos de higiene y tocador*, *Arte de la elegancia*, *Nueva cocina práctica*, *Arte*

de ser elegante entre todo um senfim de livros editados que falam sobre estes temas.

Morreu dona Carmen o 9 de Outubro de 1932 dum ataque tras ter intervido numha reunião do Círculo Radical Socialista. O diário *El Sol*, destacava na sua nota necrológica, a satisfação dela por morrer republicana.

2. Situação social da mulher noutros países

Conhecida já a trajectória intelectual da Sra. de Burgos, entramos já de cheio no tema indicando que, como colaboradora do jornal *El Eco de Santiago*, publicou vários artigos referentes à situação das mulheres de princípios do século XX noutros países. Ignoramos se tivo ou nom oportunidade de visita-los, se realmente fala por própria experiência, ou simplesmente recolheu informações por outros caminhos. Sabemos, isso sim, que deveu viajar por alguns países europeus como o acredita o livro *Por Europa. Impresiones de viaje por Francia e Italia*, mas duvidamos que tivesse ocasião de conhecer terras tam distantes como os Estados Unidos ou Japom. Seja

como for, as informações que nos dá, parecem bastante precisas e resultam mui amenas e interessantes, assim que, sem mais demoras iniciaremos o itinerário da mão da nossa autora.

2.1. Estados Unidos

Mal dissimula a Sra. de Burgos a sua inveja, sá, mais inveja ao fim, polo grau de liberdade conquistado pola mulher norte-americana. Louva assim mesmo a sua magnífica educação e o feito de que tampouco descuidarem a sua aparência física, o que merece a aprovação da nossa jornalista chegando a qualifica-las de «encantadoras».

Com efeito, as mulheres norte-americanas eram capazes de falar de qualquer tema político, cultural ou de interesse geral sem cair na pedantaria e no tocante à liberdade podemos extrair a conclusão de que em pouco deviam diferenciar-se das mulheres de hoje em dia: saíam sós, assistiam à festas e reuniões também em solitário e nos bailes os pais retiravam-se cedo e elas podiam ser acompanhadas à sua casa por amigos. Contodo o que máis pareceu surpreender à nossa observadora foi o feito de que nom viam o casamento



como umha soluçom aos seus problemas, e muito menos como umha libertaçom.

E era assim; nom resultava estranho ver com freqüência mulheres solteiras porque, se nom achavam a sua «affinity», nom acudiam ao matrimônio e nom por isso deixavam de ter umha vida social plena: podiam viver sós, dispor da sua própria casa, dar festas, ter amigos e mesmo percorrer o país de ponta a ponta.

«En América una mujer joven y hermosa sale de día y de noche a pie, en carruaje, se embarca en un vapor, toma el ferro-carril y cruza sola los Estados Unidos, sin que nadie le dirija unha sola palabra que la avergüence ni una mirada que le haga bajar los ojos».²

As relaçoms de amizade com o sexo contrário estavam já regularizadas. Era o chamado *flirt*, que se podia acabar ou nom diante do altar ou ante um juiz de paz. Caso de nom haver boda, nom perigava por isso a honra da dama, e nem muito menos se punha en teia de juízo a sua virtude e comportamento.

«Aquí los lazos familiares existen, pero parece que se trata de ocultarlos. Es raro que unha joven viva con sus padres; lo más frecuente es encontrarla sola o con unha amiga y

se pasean abiertamente con sus *flirts*».³

Este sistema de vida era comum a todos os EE.UU., mais dona Carmen fai umha excepçom: a cidade de Boston a que qualifica de «puritana e intelectual». Esta observaçom é um tanto curiosa, já que esta idea de conservadurismo perdura nos nossos dias. Ali as raparigas novas gozavam de independência em menor grau do que as suas compatriotas de outros lugares do país. A coesom familiar era máis forte e permaneciam máis tempo na casa, e nisso asemelhavam-se muito às mulheres latinas.

2.2. Rússia

Dentro das mulheres russas, fai dona Carmen dous apartados: a mulher aristocrata e a do povo.

Quanto à primeira era culta, distinguida, elegante (encarregava o seu vestuário em Paris), viajava muito e nom eram do seu agrado as tarefas demésticas até o ponto que se criam feridas na sua dignidade ocupando-se dos detalhes da casa. Eram, resumindo, as mais independentes depois das norteamericanas.

En troca, a situaçom da mulher do povo era bem diferente: vivia encerrada na sua casa, com um marido amiúde brutal que «la quiere como a su alma y la sacude como a sus pieles». Por nom ter nem tinha direitos sobre os seus filhos, e se o home morria, a custódia deles passava ao sogro mentres ela devia retirar-se à casa paterna.

Porém a mulher russa também começava a despontar e surprendia muito aos estrangeiros o número de estudantes com que contava o país. Na sua maioria eram filhas de empregados, comerciantes e nobres arruinados que lutavam por lograr umha posiçom independente do home. O artigo deixa entrever claramente que essa luta nom devia ser doada, mas as estudantes russas tomavam os problemas com apromo e tranquilidade e mesmo tinham a ousadia de fumar em público.

«Ellas non parecen preocuparse y hallan buena su vida libre, intiman mucho con sus compañeros y estu-



diantes de uno y otro sexo, y van juntos al café para conversar y fumar cigarrillos»⁴

2.3 América do Sul

Encontra a nossa articulista muitas concomitâncias entre a mulher sul-americana e a andaluza. Ambas som «espirituales, soñadoras, elegantes, poco amigas de fiestas callejeras y verdaderas mujeres de salón»⁵. A estas qualidades havia que acrescentar que eram caseiras, amantes das tradiçoms e tinham umha aspiraçom constante aos ideais de progresso e liberdade.

Muito nos tememos, na verdade que o dito no anterior párrafo só poda ser definitório de um mui determinado, e possivelmente reduzido, grupo de mulheres, pois se observamos o título nom creio que assistissem às reunions dos salons mais que as damas de classe alta. Fica-nos

² «La mujer», em *Diario e Lugo*, Domingo 27 de Noviembre 1881.

³ de Burgos Seguí, Carmen, «La mujer norteamericana», em *El Eco de Santiago*, Lunes 20 de Junio 1908.

⁴ Cfr da mesma autora «Las estudiantes», em *El Eco de Santiago*, Lunes 14 de Marzo 1904.

⁵ Cfr da mesma autora «La mujeres americanas en los salones» em *El Eco de Santiago*, Lunes 28 de Marzo 1904.

⁶ Cfr da mesma autora «Las sirvientas japonesas» em *El Eco de Santiago*, Miércoles 6 de Abril 1904.



sem aclarar o que acontecia com a mulher de outras camadas sociais nom tam privilegiadas que, supomos, deviam levar umha vida muita máis triste, obscura e gris.

2.4 Japom

«Aquel que nom se consola é que nom quer», afirma o dito popular, e resulta mui certo. Nom sei se seria essa a intençom da Sra. de Burgos, mas a mulher espanhola podia, se quera, consolar-se trás conhecer a vida das suas contemporâneas no longínquo Japom.

Desconhecemos se a nossa informadora estivo ou nom no império do Sol Nascente, mas fosse como fosse, parece ficar desagradavelmente surpreendida ao saber que num país como o Japom, tam amante do progresso e das ideias modernas, a mulher era algo assim com umha serventa especial do marido.

E há algo mais: depois de ler o artigo quase se prefere ser criada que senhora, pois o trato era praticamente o mesmo; criadas e senhoras convivem como irmás e estas eram consideradas como da família, levavam-nas a todas as partes, festas e teatro incluídos, e à hora de receber ordens, se consideravam que eram absurdas, irrealizáveis ou humillantes, podiam mui bem tomar-se a liberdade de nom executa-las. Assim que o serviço estava mais bem para rodear-se dele que para ser servido, e a questom é que numha casa modesta podia haver até dez ou umha dúcia de serventes;⁶.

2.5 Conclusons

Feito já o percorrido por tam distintos e variados países, podemos talvez extrair a conclusom de que para a Sra. de Burgos o exemplo da mulher norte-americana e possível-

mente também a saxona (leia-se inglesa, alemá etc), era sem dúvida um modelo de liberdade a que a mulher espanhola podia e devia aspirar. O tempo viria dar-lhe a razom à nossa esforçada jornalista, como o prova o feito de que as mulheres hispanas foram aos poucos encurtando as distâncias que as separavam das mulheres de outros países de além dos Pirineus ou mesmo dos EE.UU., as quais gozavam dum estatuto social superior. É possível que nom o tenham logrado na sua totalidade e que ainda fique muito caminho por andar, mas bem sabemos que nem muito menos está todo logrado nem fora nem dentro das nossas fronteiras. ▸

PUBLICIDADE

SERVICIO DE ASESORAMENTO DAS MULLERES

■ CONCELLERÍA DA MULLER ■

Para a atención específica dos problemas que afectan ás mulleres o Concello de Santiago pon a súa disposición o *Servicio de Asesoramento das Mulleres*.

Para asesorarte nas túas dúbidas e buscar unha solución ós teus problemas familiares, laborais, xurídicos e sociais.

Estamos a túa disposición na **Rúa Acibechería nº 16, 2º**.

■ **Horario:**

Mañá, de 10:00 a 13:00 h.

Tarde: luns, mércores e venres, de 17:00 a 19:00 h.

Teléfono: 57 14 61



CONCELLO DE SANTIAGO

Concellería da Muller

Xaquina Trillo, versificadora galeguista

▼ CARMEN BLANCO

M

a historia do galeguismo son contadas as mulleres que tiveron algunha dimensión pú-

blica, desde logo, sempre mínima, aínda que nos consta, polos testemuños orais e algún escrito, que houbo un certo número delas que compartiron na sombra do mundo privado os ideais aos que xeralmente chegaban por vía familiar ou amorosa. Xaquina Trillo Sánchez encarna coa súa propia vida estes dous aspectos do galeguismo feminino e simboliza na súa historia persoal as dificultades e os



traballos das perdedoras da guerra civil.


Naceu en 1916 no seo dunha familia de Vilgarcía de Arousa galeguista por parte do pai, Laureano Trillo García-Señoráns, farmacéutico e concellal afiliado ao Partido Galeguista. Dous irmáns compartían os ideais paternos: Laureano, que estivo nos cárceres de Vilgarcía e Cambados na guerra civil, e Manuel,

que tivo que fuxir a raíz do levantamento do 36 e puido salvarse, despois de moitos avatares, pasando a Andalucía por Portugal, gracias á axuda da familia pero moi especialmente mercede ao apoio prestado pola propia Xaquina e o que logo sería o seu home, Alcides, un brasileiro falanxista de orixe galega.

Na súa primeira mocidade viviu o ambiente nacionalista de Arousa en torno á farmacia paterna, ao colexio León XIII e ás actividades dos «Ulreias». Nestes anos coñeceu a Castelao, Maside, Otero Pedrayo e Manuel Antonio; asistiu ás clases de Aquilino Iglesia Alvariño, Manuel Insua Castelao e Celestino Noya; e participou en excursións dos Ulreias con Bouza Brey e Alvaro das Casas. Desde nena escribiu sempre en galego versos e prosas que moitas veces rachaba, mais, posibilitado polo devandito contexto político-cultural, publicou en 1933, na sección «O recanto da muller» de *A Nosa Terra*, un artigo sobre «Galicia nos cancioneros», onde fala especialmente de Alfonso X, Códax, Charriño, Meogo, Macías e Rodríguez de Padrón, e onde fai claras afirmacións nacionalistas:

«Un pobo que chegou á pór na punta dos dedos da súa lírica toda a súa i-alma aberta tan deferenciada e autóctona, é un pobo que non poderá nunca morrer afogado

no seu espírito por unha cultura allea, púbrica e indeferenciada, que é o que se ven pretendendo desde todol-os centralismos.



A i-alma dos pobos é cristalofirme, irreductible á maleabilidades monstruosas. Pode revestirse de costras superpostas; mais con pouco que se escarbe hacharemos de novo a forma pura en que tiña cristaizado. E o mesmo a súa cultura que non admite transformacións de ningún xénero, según a teoría spengleriana.

Hoxe que Galicia enteira está saíndo ao seu reencontro, é o momento de ir á nosa poesía primitiva á ver bailar ledizas nas palmas de cen mans das ondas atlánticas a i-alma perenne da Raza.»

Nos dous últimos anos da República outros intereses, entre eles os amorosos, apártana das súas primeiras preocupacións políticas, que non retomará ata comezos da década dos oitenta, momento en que se afiliará ao Partido Galeguista. A guerra civil e a dictadura franquista fai que a súa familia veña a menos, mentres ela casa, ten tres fillos e vese obrigada a traballar para sacar adiante a casa. Neste intervalo dedícase a facer substitucións a medio soldo por escolas arredadas de Galicia, axudándose economicamente coa costura e a repostería, coñece a morte do fillo varón e do marido e sofre privacións para criar e educar ás fillas. Pasa un curso en Ollares (A Vila de Cruces, Pontevedra) e xa viúva vive unha tempada en Arabexo (O Val do Dubra, Pontevedra) e preto de tres

anos en Restande (Trazo, A Coruña), para pasar logo a Santaia de Gorgullos (Tordoia, A Coruña) e Cequiliños (Arbo, Pontevedra)

na raia portuguesa. A continuación fai oposicións á Xusticia Municipal na Coruña, cidade na que ficará sete anos, pasando logo á Estrada antes de xubilarse por enfermidade e instalarse de novo en Vilgarcía. Na vila

natal contrae segundas nupcias a fins dos cincuenta, das que volve enviudar ao ano.

En torno aos sesenta e cinco anos retorna ás afeccións e ás relacións galeguistas perdidas na loita pola vida diaria e, ao tempo que ingresa no partido histórico do seu pai, comeza a publicar os seus versos en edición de autora. Ata o momento viron a luz cinco libros titulados *Ceibos* (1980), *Xanela aberta* (1981), *Tempos idos* (1983), *Védelos aí van* (1986) e *Rosa dos ventos* (1989), que conteñen poemas populares e sinxelos nos que sobresaen especialmente o amor a Galicia e os sentimentos máis inmediatos da vida cotiá, tal como ten explicado Camino Noia na antoloxía *Palabra de muller* (1992).

Nos seus versos encontramos plasmadas moitas das vivencias biográficas devanditas e algunhas das evocacións patrióticas que acostuma recitar nos actos políticos galeguistas, como as dedicadas a Castelao, Rosalía ou Alexandre Bóveda. O costumismo, o paisaxismo, o canto ás pequenas cousas que acompañan a vida diaria, a sentimentalidade galeguista e os praceres e as dores da vida resumen unha poesía na que están tamén presentes, como un sinal de identidade, os poetas dos cancioneros sobre os que escribira xa na xuventude. ▀

Rigoberta Menchú: o Nobel para unha perdedora

▼ TAREIXA NAVAZA

Souben dela hai uns quince anos e afondei máis na súa personalidade no ano 83 cando a etnóloga Elisabeth Burgos publica, en París, o libro Chámome *Rigoberta Menchú e así me naceu a conciencia*. Tiven a sorte de coñecela e escoitala, en Oleiros, un pouco antes de que lle concederan o Premio Nobel da Paz. Naceu nunha comunidade indíxena, unha das vintetrés etnias que posúe Guatemala e que segue a conservala a súa Identidade cultural desde a conquista española e que se ven mantendo entre a marxinalidade e maila pobreza. Rigoberta condeada ó traballo desde os cinco anos –como tódolos campesiños pobres– comezou traballar cos seus pais nas colleitas de algodón e café nas grandes fincas da costa sur. Máis tarde vai cara a capital para completa-lo ciclo das campesiñas: traballar no servizo doméstico. Cando nena foi testemuña do asasinato dun irmán de 16 anos –víctima dos terratenentes que querían quitarlle-las terras ós indíxenas–, despois o seu pai Vicente Menchú,

campesiño, cunha innata conciencia social, morre queimado na Embaixada de España en Guatemala pola policía e o exército. Unhas semanas despois as forzas de seguridade, secuestran a súa nai que é torturada, lentamente mutilada, violada e abandonada na agonía nun bosque cercano ó poboado. Rigoberta escolle a rebeldía fronte a submisión. Marcha ó exilio no ano 81 para levar adiante o seu compromiso cos dereitos indíxenas e cos dereitos humanos en Guatemala. Pouco despois participa nos inicios do “Grupo de Traballo sobre Poboacións Indíxenas” nas Nacións Unidas. En Guatemala o 80% da poboación é analfabeta e o 70% indíxena. Ela aprende español ós vinte anos –no seu país hai vintetrés linguas pero só o español é oficial–,

estudia o idioma que noutros tempos lles imponían, á forza, para utilizalo contra o opresor; para convertelo nun instrumento de loita. Denuncia as relacións de desigualdade que USA mantén con eles e tamén a opresión que eles mesmos manteñen coas poboacións autóctonas. A facilidade con que Norteamérica exerce o seu poder sobre América Latina débese, en gran medida, á complicidade que lle procura a existencia dese colonialismo interno. E mentres isto non cese os pobos de América Latina non se converterán en nacións de pleno dereito e seguerán a ser vulnerables. Supervivinte do xenocidio do que foron vítimas a súa comunidade e a súa familia, quere ser parte activa da historia e amosa posuír un pensamento moi



moderno. En Guatemala declaraba hai pouco Rigoberta, "a pesar da existencia de gobernos saídos das urnas, as cousas non cambiaron substancialmente. Pola contra, as condicións de miseria dos sectores campestros non fixeron outra cousa que empeorar. Poiden constatar no recorrido polas aldeas do altiplano indíxena, que da pobreza camiñouse cara a miseria. Isto amosa que Guatemala vive baixo un réxime de fondo desprezo cara á vida, da máis absoluta insensibilidade en materia social". No ano 89 os socialistas italianos propoñen para o Premio Nobel da Paz e este ano foi inscrita a súa candidatura por outro Nobel, o arxentino Pérez de Esquivel. Rigoberta aceptou a candidatura "para poder dialogar entre todos, sen distincións do primeiro mundo, pero con respecto ó que somos. Sabemos -dacordo coas ensinanzas dos nosos maiores- que cando amenza virá a

luz e verémonos as caras, entón coñeceremos se a man que se nos da ten cara amiga". Ela como catequista, cristiá de base, defínse como católica revolucionaria e crea con outros compañeiros o Comité de Unidade Campesíña CUC e adhirense ó Frente Popular 31 de xaneiro, que engloba a seis organizacións de



masas. E en calidade de representante dese frente ven a Europa a comezos do ano 82 invitada por organizacións de solidariedade. En Madrid deu no ano 83 a súa testemuña perante o Tribunal Permanente dos Pobos que xulgaba as masacres cometidas no seu país, e noutras ocasións participou en actos de solidariedade ou en reunións co movemento feminsita,

porque ela tamén considera que dentro da resistencia común, as mulleres debían ser respetadas como tales. Guatemala con máis de trinta anos de conflitos internos, 46 mil desaparecidos, 250 mil viúvas, 1 millón de desprazados, 250 cemiterios clandestinos, 250 mil nenos orfos, ten en Rigoberta a súa voz. Leva

máis de dez anos pelexando para que a ONU recoñeza os dereitos dos indíxenas e coa ONU a Comunidade Internacional. Rigoberta quere que escoiten a súa voz como pobos, poñer fin a 500 anos de silencio, iniciar un proceso de reconstrucción das condi-

cións para o verdadeiro encontro histórico de tódalas culturas americanas, sobre a base da igualdade, respecto mutuo e cooperación para o desenvolvemento indíxena, formando éstes parte activa na toma de decisións sobre o seu destino e o do país ó cal pertencen. Rigoberta traballa para devolverlle a memoria histórica e maila dignidade o seu pobo. Concederlle o Premio Nobel da Paz foi xustiza para todo un continente e unha gran responsabilidade para Rigoberta porque como ela mesma declarou "respresento a moita xente que sufriu moito, polo tanto estarei disposta a levalo con dignidade".



PUBLICIDADE



- MURALISMO
- ROTULACION
- MAQUETADO
- ANAGRAMAS • LOGOTIPOS
- ANUNCIOS
- CARTELES

Zacarias

CREACION Y DISEÑO - FOTOMECANICA

Herreria, 14-2º Tel 84 03 69
Pontevedra 36 002



oreense

A Documenta de KASSEL...!



▼ MAIKA NOVOA

En si mesmo é un nome extraño, próximo á utopía, pola súa escasa presenza no tempo.


Esta Feira da Arte que se celebra cada cinco anos en Alemaña, fai variar en ocasións o curso das modas no mundo artístico, inclinando a balanza cara un lado ou outro.

Como todas as cousas, teñen ou seu lado positivo e negativo. E hoxe quero dar aquí a miña opinión.

Hai algo de *grande* en Kassel, e tamén algo de *deleznábel*, que me gustaría desmenuzar aquí. Durante a miña estadia na Documenta de Kassel puiden observar a grande incidencia que esta Feira ten na vida da cidade; e comezo, desde logo, pola parte positiva, para non sentir-me responsábel e tan destructura de mitos; non pretendo ser aniquiladora aínda que é san sentir as dúas caras da mesma moeda.



▲ Micha Ullman. *Wschodnia*, 1990.



▲ Thanassis Totsikas.

Estas instalacións forman un todo na arquitectura do edificio principal.

Por unha banda o asombro da eficiencia alemán. Por suposto que a eficacia ten o poder económico do seu lado cando a ocasión así o require. Aquí todo estaba ao servizo da arte. Puiden observar como as intervencións dos artistas eran actuacións que movilizaron médios custosos e moitas veces de incidencia urbana e arquitectónica con unha grande proxección temporal.

Para a próxima Documenta a cidade será levantada de novo e as intervencións de novos artistas terán outra vez a mesma repercusión na vida de Kassel. Alemaña enteira vive

os acontecementos que ali se producen con grande interese.

E este interese pola vangarda non se pode apreciar, desde logo, en todos os países por igual.

Alemaña é unha grande excepción. Poderíamos comparar o que ali sucede coa nosa Feira de Arte Galega de Pontevedra? Por suposto NEN SOÑANDO! Aquí non se coopera. Nen as institucións fan unión nen tampouco o povo é consciente... DO ACONTECIMENTO.

Até aquí a parte positiva. A negativa por outra banda é un certo papanatismo a nivel mundial, secundado por intereses creados, e un manexo dos fios da *marketing* comercial a través de galerías de arte que están teledirixidas por estes grandes acontecementos. Todos, artistas, coleccionistas e comerciantes de arte, sen o pensar moito, montan-se ao carro da "última" e esquecen a razón da súa posta en escea persoal, apon-tando-se a todo o que supoña estar sempre no candealeiro, e esquecendo que a arte para ser sincera non debe estar guiada por modas senon pola autenticidade.


Non apontar-se "á última" non supón descoñecimento senon seguridade e respecto ante todo a un mesmo.

Ao fin, sempre hai de todo e como en todo, diferentes posturas ante unha mesma provocación.

Ademais de todo isto, durante a miña estadia en Kassel, puiden obter dúas conclusións diferentes da DOCUMENTA nº 9:

1) Nesta Documenta IX as tendencias foron moi variadas.

2) Houbo moita "metralla", cousas moi vistas, má executadas, moi sobadas. Más en definitiva. Pero tamén puiden ver cousas que me parecen fenomenais.




Kassel foi, para min, a experiencia alemán mais desexada durante moito tempo. Agora espero ver como incidiu no mundo artístico, comparando-a coa incidencia de quinquénios anteriores... E iso está por ver!

"A NOVA NARRATIVA GALEGA"



M^a Camino Noia Campos

Editorial Galaxia



tade de ruptura co que se viña facendo (...).»

Estas pretensións, xunto ao uso do galego como lingua veicular e cámbios radicais nos recursos técnicos, na concepción do tempo, espazo, personaxes e un longo etcétera fan deles os innovadores, grandes coñecedores do que «se coce» en Europa, que se adiantan (como tamén a autora indica nas súas conclusións finais) aos propios lectores potenciais da época, incapacitados pola propia situación sócio-lingüística para se enfrontaren ao cámbio.

Própria para animar á lectura das obras en cuestión, esta aportación da M^a Camino Noia reavivou a polémica pola denominación de «grupo» ou «movemento» utilizada para este conxunto de narracións e escritores. Recoñece a autora que os compoñentes «non teñen entre eles unha aportación homoxénea», que as súas obras son dispares e os camiños tomados por cada un tamén, mais aclara xa no primeiro capítulo as influencias comúns, as vivencias de Europa comúns a todos/as e certas empresas literarias que compartiron.

A verdade é que non entendo o motivo desta oposición en empregar o termo «grupo» ou «movemento»: se ben o xeito de facer literatura pode diverxer, a intención renovadora é comúna a todos/as eles e elas, polo tanto a concepción do feito literario tamén o é; se non forman un colectivo homoxéneo, non se pode negar, con todo, a posición comúna de todos eles, marcada neste caso polo uso da propia lingua, o que indica unha actitude vital compartida; se non forman unha avangarda, entendendo o termo ao

xeito surrealista ou futurista, provocan, consciente ou inconscientemente, mesmo algúns sen se coñecer, mesmo algúns sen se coñecer, unha transformación tal que os propios detractores do termo «movemento» se interrogan en canto á necesidade de incluír algun outro na lista.

Se non forman un grupo: con que criterios se decide a inclusión ou non de novos nomes?. Se se trata de intuición: non virá dada por un fondo sentir da *paradóxica* unidade de todos eles?

E finalmente por suposto, non busco achar os erros que poida haber de tipo bibliográfico ou as imprecisións en aras dunha sintetización didáctica (que para iso é sintetización): iso deixo-o para as máis sábias ca min.

Non quero rematar se comentar un cómico suceso: refírome a unha carta aparecida en *A Nosa Terra* no derradeiro número de Maio que, sen aportar nada á análise desta obra, por agora única, estende-se en ataques persoais que máis parecen propios de aluncon-rabieta-que-suspende que de calquer que, tendo lida a obra, se adique, en todo caso, a demostrar os seus erros mediante a elaboración doutro traballo máis extenso e pormenorizado da traxectoria dos escritores da Nova Narrativa Galega, que é o termo aplicábel máis axeitado, ao meu ver, e *de paso* o título do libro.

Todas e todos esperamos ansiosas (non é un erro tipográfico, é un plural que engloba os dous xéneros) as novas aportacións.

EMMA ABELLA CRUZ
Insubmisa (en xeral)

Continuación dun vello traballo de 1967 que deu lugar á primeira tesina en galego presentada perante a Universidade galega en 1968, levamos a autora cara un estúdio aproximativo das obras que a partir de 1954, coa publicación do 1º libro de relatos de Gonzalo R. Mourullo e até a publicación de *Cambio en tres*, de Carlos Casares, transforman o panorama literario galego, até ese momento sometido «a esquemas arcaicos con demasiados elementos rurais» da narrativa de preguerra e a unha concepción do texto mediatizada ademais pola presión da narrativa española que só nos 50 iníci unha lixeira apertura cara as novas formas europeas.

Xohán Casal, Gonzalo R. Mourullo, Méndez Ferrín, M^a Xosé Queizán, C. González Suárez-Llanos e Carlos Casares, aínda sendo ben diferentes entre si, teñen en comúna a «intención de aplicar nos seus textos novas formas narrativas e manifestan unha clara von-



"NUBOSIDAD VARIABLE"



*"El alma humana se parece a las nubes.
No hay quien la coja quieta
en la misma postura".*
«Nubosidad variable».
Carmen Martín Gaité

Nubosidad variable fálanos de dúas vidas estables que nun instante da treboada se rompen en anaqüinos de espello e reflexan rotas as imaxes que aprisionaban. Recompóñense coma nun colaxe coas cartas que non se envían.

Son dúas mulleres: Sofía e Mariana, que na súa adolescencia foron amigas, atópanse, por casualidade?, ao cabo de vinte anos e nun segundo recoñécense nas miradas antigas.

Cada unha delas revisa o seu pasado. Retómano en dous tempos: cando estaban xuntas e cada unha se descubría a sí mesma no reflexo de lago da amiga; e cando, separadas, levaron unha existencia anaxenada. Sofía era nai, esposa, vivía dentro da súa casa. Mariana era psiquiatra famosa, cunha axenda moi apretada e gran vida social.

A maxia do encontro está na recuperación da amizade e das miradas esquecidas.

E ímonos decatando ao longo da novela de que **vivir** non é representar o papel que nos toca no reparto de personaxes, senón **vivir sentindo, sentíndonos**.

LAIPOS E ANASIR

"MI VIDA"

Marc Chagall
Parsifal Edicións, Barcelona 1989

"Pero, ante todo, nacin morto".

Escribe Marc Chagall case ó comenzo da súa obra na que vai debullando os recordos, impresións e visións do seu "mundo", e dos personaxes que o rodean.

Ás seis da mañá, meu pai levantábase e íase á sinagoga.

Alí facía a súa oración habitual por un morto calquera.

Ao regreso, preparaba o samovar, bebía té e saía para o seu traballo.

Cóntanos, por medio dun mosaico de encrucilladas persoais e alleas, a interesante situación histórica na que se desenvolve a súa vida, (naceu en Witebsk no 1887, e viviu entre París e Rusia).

Podo esquencer a Vladimir Ilyich, a ti, Lenin, e tamén a Trotsky... E en lugar diso, en vez de permanecer en paz pintando cadros, fundou unha Escola de Belas Artes e convírtome no seu director, o seu presidente e todo o que queirades.



—¡Que felicidade!

"¡Que loucura!", pensaba a miña muller.

O *narkom*, Lunacharsky, sorrinte, recíbeme no Kremlin, no seu gabinete.



(...)

Dícialle a Lunacharsky:

—Sobre todo, non me preguntes por qué pinte en azul ou en verde e por qué se ve un cuxo dentro do ventre dunha vaca... Ademais, desexaría que, xa que Marx é tan sabio, resucitara e llo explicara a vostede.

En realidade ler este libro é un exercicio de interpretación, como o sería admirar a súa obra, onde a composición de cor, forma e simboloxía se mesturan, parecen querer xogar cunha visión individual, aínda que a obra teña xa unha mensaxe propia.

Posiblemente o libro dea algunhas pistas para entender mellor a súa pintura, ou, como unha pescadilla que morde o rabo, admirar os seus cadros axúdanos a comprendelo.

El mesmo o di ao final do libro:

«Estas páxinas teñen o mesmo sentido que unha superficie pintada. Se houbese nos meus cadros un acocho, podería deslízalas dentro del... ¿Ou quizais se pegarían ás costas a dun dos meus personaxes ou tamén nos pantalóns do "músico" das miñas pinturas murais...?»

ALICIA H.

"INSTINTO BÁSICO"


*I*nstinto básico vai camiño de se converter en unha das películas mais taquilleras do 92, e non só grácias ao guión, á calidade interpretativa ou ó despilfarro de técnicas cinematográficas, senon polas dúas polémicas levantadas a raíz do extremo da mesma: a protesta dos colectivos de homosexuais e lesbianas por amosar a unha das protagonistas femininas (Sharon Stone) e a sua amante lesbiana como as «más» da película e o rexeito de algúns sectores da sociedade americana que consideran excesivas as doses de sexo e violencia no filme... polémicas que lonxe de crear unha aureola negativa en torno a «Instinto básico» fixeron que medre a curiosidade entre os espectadores.

O director do filme, Paul Verhoeven, adora a provocación (a violencia, a destrucción e o caos fascinan-lle) ao mesmo tempo é-lle noxenta a actitude da Igrexa e da sociedade americana fronte ao sexo, alegando que o seu único fin é a procreación e proibe utiliza-lo como diversión.

Destacan na interpretación as dúas protagonistas femininas, Sharon Stone e Jeanne Tripplehorn (a «loira» e a «morena» respectivamente): Sharon Stone interpreta a unha escritora que vive á marxe de toda moral establecida, nas suas novelas crea personaxes e situacións violentas, e na sua vida cotidiana é activa, independente, decidida, dominante e bisexual. Mentras que Jeanne Tripplehorn (Beth Garner) ao principio aparece como a «boa muller»: traballa de psiquiatra para a policía, é intelixente e respetada no seu traballo. Unha muller tan dócil que incluso chega a aceptar a violencia

sexual á que é sometida polo seu amante. Unha persoaxe na que non nos recreamos o suficiente até que nos descubren que Beth é o que aparenta e o que non aparenta. Case ao final e sen nos decatarmos descubrimos que é a persoaxe chave onde descansa toda a intriga; Quen é a asesina, a «loira» ou a «morena» e por que?

A persoaxe masculina principal Nick Curran (Michael Douglas), é un policía cun pasado mais que sospei-



toso, e un presente de títere de ambas mulleres: seducido pola suposta asesina, Catherine Tramell, e perplexo ante a nova personalidade que descubre en Beth a sua psiquiatra e amante.

O guión, o mais caro até hoxe da historia do cine, non o podemos catalogar de orixinal ou innovador: un asasinato no que se ven envoltos unha escritora, unha psiquiatra e como non, un policía. As relacións lésbicas das protagonistas, presentadas dentro do que cabe con bastante naturalidade, son só unha argucia para impregnar de mais «morbo» à película.

En resumen, unha película interesante, que merece a pena ver (aínda que só sexa pola polémica) e que entretén, cos ingredientes necesarios para converter-se en comercial: intriga, amor-odio, acción, violencia, sexo e un final aberto á imaxinación e fantasía das que nos sentamos diante da pantalla.

Podía estar mellor? Si... como tantas outras cousas.

MARTA TEIXEIRO



café "Placer" 19 vigo 228682

Placer, 19 VIGO 22 86 82




Rua do Sol, 139-141
Tel: 35 31 66
15401 Ferrol



Montero Rios, 50 Santiago
Tel: 58 03 77-58 05 87

LIBRERIA



Libros de Texto
Material Escolar
C ó m i c

Rúa Peregrina 29
36001 Pontevedra
Tel: (986) 86 04 71




CAFÉ-BAR RESTAURANTE
EL REFUGIO

Puente de la Reina, 25
Tel: 58 70 35
Santiago



Entremuros, 12 SANTIAGO

Libreria



Michelena, 22
Tel: 85 87 46
Pontevedra


SOLIDARIEDADE




COMITE CIUDADAN GALEGO ANTI SIDA

Fonte de San Miguel
nº 2 baixo
Santiago

TELÉFONO
57.34.01
SANTIAGO




Calaxón de San Paio
SANTIAGO



Entremuros, 13 Santiago



REPUBLICA DE EL SALVADOR, 9
TEL: 56 58 12
SANTIAGO DE COMPOSTELA



C/ Manuel Nuñez, 18
VIGO

Puntos de venta de **ANDAINA**

A CORUÑA

Librería Couceiro
Praza do Libro, 12
Librería Xiada
Avd. de Fisterra, 76-78
Librería Didacta
Avd. Rubine (Galerías)
Librería Lume
Rúa Fernando Macías
Kiosko da Casa do Mar
Kiosko da Praza de España

PONTEVEDRA

Librería Michelena
Rúa Michelena, 22
Librería Cao
Rúa Michelena

OURENSE

Librería Ronsel
Rúa da Paz, 19
Librería Tanco
Jose Antonio, 70 (Paseo)
Librería La Región
Calvo Sotelo, 15 (Paseo)

SANTIAGO

Librería Couceiro
República del Salvador, 9
Librería Abraxas
Montero Ríos, 50
Librería DIN A-3
Rúa do Villar, 49
Librería Pedreira
Rúa do Home Santo, 55

VIGO

UF
Placer, 19
Mais P'ala
Méndez Núñez, s/n
Librouro
Eduardo Iglesias, 12
Librería Babel
Venezuela, 45
Librería Sirius
Travesía de Vigo, 17

BAIONA

Pub Suave

MONFORTE

Librería Mapa
Librería Xistral

NOIA

Librería Sementeira
Montero Ríos, nº 2

AVISO

A Asociación Galega da Muller de Santiago pon en coñecemento das interesadas, que desde finais de Outubro comezou as actividades a Comisión de Lesbianas.

Se queres acudir, ou solicitar calquer información chamar ao 588101 os mércores de 20,30 ás 22,00.



ALGÚNS ENDEREZOS E TELÉFONOS DE INTERÉSE

A CORUÑA

Asamblea de Mulleres da Coruña
Cantabrico, 10 baixo ☎ (981) 21 35 42

Centro de Información dos Dereitos da Muller

Polígono de Elviña (zona de Birloque s/n)
☎ (981) 28 20 44

SANTIAGO

Asesoría Xurídica para Mulleres AGM

Rúa do Villar, 23-2º ☎ (981) 58 81 01
Horario: xoves de 19 a 21 h.

Servicio de Asesoramento das Mulleres (Concellería da Muller)

Horario: mañá de 10 a 13 / tarde dos
luns, mércores e venres de 17 a 19 h.
Acebechería, 16 - 2º ☎ (981) 57 14 61

VIGO

Coordinadora Feminista de Vigo
Colon 9-1º -Oficina-4 ☎ (986) 43 20 55

Alecrín

Centro de Documentación, biblioteca,
hemeroteca
Horario: 10 a 2 / 5 a 8 h. de luns a
venres.
García Barbon, 30 - 5º - Oficina-8
☎ (986) 43 94 59

Casa da Muller (Centro Municipal de
Asesoramento dos Dereitos da Muller)
Pintor Lugris, 5 ☎ (986) 29 39 63

Plataforma de Madres en Acción
Pizarro, 53-5º D. ☎ (986) 41 79 76

VILAGARCIA DE AROUSA

Asamblea de Mulleres de Arousa
Doctor Carus, 7 - Oficina-G. Ed. León XII

PONTEVEDRA

Asesoría Xurídica Mulleribus
Asamblea de Mulleres de Pontevedra
Andrés Mellado, 2 - Oficina-2
☎ (986) 86 50 28
Horario: Martes e Xoves de 19 a 21 h.

OURENSE

Asociación Galega da Muller
Aptado 679
☎ (988) 22 35 19 / 21 25 27

FERROL

Asociación Galega da Muller
Rúa Magdalena, 132-2º

S.G.P.I.H.M.

Servicio telefónico de asesoramento
gratuito: 900-400 27


EXCELSIOR

Journal Illustré Quotidien

Informations - Littérature - Sciences - Arts - Sports - Théâtres - Églances

L'Académie des Sciences examine aujourd'hui la candidature de M^{lle} Curie

Marie Curie Sklodowska (1867-1934)



EXCERPTS FROM THE FACULTY OF SCIENCES OF PARIS REPORT ON THE CANDIDACY OF M^{lle} CURIE...

LA PHYSIONOMIE ET L'ÉCRITURE DE M^{lle} CURIE

onscente da sua própria valia, tivo que afirma-la na sociedade francesa onde desenvolveu a maior parte da sua vida.

Lidiou coa radioactividade e morreu a consecuéncia de-la. Foi a primeira muller á que se lle permitiu ensinar na Sorbona en 1906.

Duas veces Prémio Nóbel: De física en 1903, compartido con Pierre Curie e Becquerel; e de Química en 1911.

Nascida nunha Polonia submetida aos zares rusos, no seo dunha familia que non fixo distincións entre fillos e fillas. Integrou na subversiva «Universidade Voante» onde se impartía o «Curso de filosofía positiva» de Comte e o evolucionismo de Spencer que lle transmitirán a ela esa fe cega na Ciéncia como fonte de progreso, para a capacidade de millora das sociedades e para reducir a desdita humana.

Nunca viviu á marxe dos problemas do seu tempo pero o seu fronte de batalla, a súa fe, a súa utopía, foi a ciéncia.

Asinou dúas peticións políticas: a favor das Sufrajistas inglesas e a favor de Sacco e Vanzetti. A súa sinatura ficou tamén estampada nun contramanifesto chamando, en 1914, á cooperación entre universitarios das nacións belixerantes a fin de preservar o porvir de Europa con dúas sinaturas mais: Bertrand Russell e Albert Einstein quen falando dela dician

«É a única persoa a quen a glória non ten corrompido.»

Paul Valery convidou-na a presidir o debate organizado en Madrid en 1933 sobre «O porvir

da Cultura» onde tantos artistas e intelectuais afirmaban que a cultura estaba ameazada entre outros perigos pola ciéncia.

Pola Ciéncia? Aquela pequena figura vestida de negro, declarou:

«Son dos que pensan que a ciéncia posue unha grande beleza. Un científico no seu laboratorio non é só un técnico: é tamén un neno perante os fenómenos naturais que lle impresionan coma un conto de fadas. Non debemos deixar que se crea que todo progreso científico reduce-se a mecanismos, máquinas, engranaxes que por outra parte tamén teñen a súa propia beleza... Eu non creo que o espírito de aventura esté en perigo de desaparecer do noso mundo. Si vexo algo de vital ao meu arredor, é precisamente ese espírito de aventura, aparentemente inextinguíbel e que tanto se parece á curiosidade...»

da Cultura» onde tantos artistas e intelectuais afirmaban que a cultura estaba ameazada entre outros perigos pola ciéncia.

Pola Ciéncia? Aquela pequena figura vestida de negro, declarou:

«Son dos que pensan que a ciéncia posue unha grande beleza. Un científico no seu laboratorio non é só un técnico: é tamén un neno perante os fenómenos naturais que lle impresionan coma un conto de fadas. Non debemos deixar que se crea que todo progreso científico reduce-se a mecanismos, máquinas, engranaxes que por outra parte tamén teñen a súa propia beleza... Eu non creo que o espírito de aventura esté en perigo de desaparecer do noso mundo. Si vexo algo de vital ao meu arredor, é precisamente ese espírito de aventura, aparentemente inextinguíbel e que tanto se parece á curiosidade...»